

Estudio do mercado laboral. Galicia 2003 ◦◦◦



EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Dirección Xeral de Formación e Colocación

Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Maria Luisa Mallo Fernández

Reyes Gámez Guardiola

EQUIPO TÉCNICO:

Marta Bermúdez de Santiago

Ricardo Fernández López

Esther Sánchez González

M^a Belén Yáñez Barge

Victoria Otero Fernández

Gonzalo Picola Alonso

M^a José Sánchez Mariño

Diego Loureda Couceiro

EQUIPO AUXILIAR:

M^a Jesús Iglesias Ferreiro

M^a Luisa Monteagudo Gago

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

DEPÓSITO LEGAL:

C-456/04

ISSN:

1579-5675

1. INTRODUCCIÓN	7
1.1. Contido.Metodoloxía e Fontes de información	8
1.1.1. Perfil sociodemográfico	9
1.1.2. Tecido empresarial	10
1.1.3. Demandas	11
1.1.4. Ofertas	12
1.1.5. Contratos	14
1.2. Definicións e Taxas	16
2. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO DE GALICIA	23
2.1. Poboación activa	23
2.2. Poboación ocupada	28
2.3. Poboación parada	33
3. TECIDO EMPRESARIAL	41
3.1. Situación actual do tecido productivo galego	41
3.2. Evolución das principais variables do tecido productivo	43
4. DEMANDAS	51
4.1. Demandantes rexistrados nas provincias galegas	51
4.2. Demandantes parados. Evolución	52
4.3. Demandantes por situación laboral	54
4.4. Demandantes de emprego por grupos de idade	54
4.5. Demandantes de emprego por nivel académico	56
4.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego	57
4.7. Demandantes por actividade económica de procedencia	58
4.8. As trinta ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego	60
4.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego	61
5. OFERTAS	65
5.1. Ofertas rexistradas 2003. Evolución	65
5.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica	67
5.3. Tipoloxía das empresas ofertantes	71
5.4. Perfil básico da oferta	72
5.5. Análise ocupacional	74
6. CONTRATOS	79
6.1. O número de contratos no ámbito provincial	79
6.2. Distribución da contratación segundo o sexo e a idade	80
6.3. A contratación segundo os sectores económicos	83
6.4. A tipoloxía da contratación laboral	87
6.5. Os grandes grupos de ocupacións na contratación	90
6.6. As ocupacións máis contratadas	94

1.- INTRODUCCIÓN Ó ESTUDIO DO MERCADO LABORAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa e que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental o coñecemento da estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, é preciso idear un instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, do tecido empresarial e do tecido laboral, da oferta, da demanda e da contratación da forza de traballo.

Ese é o propósito deste informe, que confiamos en que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade laboral e chegar así a poder intervir no proceso de equilibrio laboral.

O informe do mercado laboral foi elaborado polo **Observatorio das Ocupacións**, servizo do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao Servizo Público de Emprego e ás institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como misión principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para deseñar as políticas de Formación Profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Como antecedentes deste informe aparecen os informes do mercado laboral no ámbito comarcal, publicados cunha periodicidade anual polo Instituto Galego das Cualificacións. Este estudio presenta o adianto dos datos (2003) do total do territorio da Comunidade Autónoma, que serve como anticipo do estudio desagregado por comarcas para o mesmo ano que se publicará con posterioridade, dado que se analizan 53 territorios, o que supón un labor arduo. Pretendemos deste xeito proporcionar información que non quede obsoleta.



Os **obxectivos** fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes:

Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da Comunidade Autónoma galega, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo.

Mostrar a evolución temporal experimentada en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa idoneidade ou a súa dispoñibilidade.

Permitir, á súa vez, a comparación entre cada unha das catro provincias galegas.

Porén, estes tres obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de informar acerca da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.

1.1.- Contido. Metodoloxía e fontes de información

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos. A información presentada en cada un destes bloques é consecuencia dun traballo de análise e explotación de datos, ademais dunha investigación previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

Determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.

Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes apartados expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

□ □ □ 1.1.1.- Perfil sociodemográfico

A necesidade dunha análise sociodemográfica que amose as características da poboación activa e a súa composición vén determinada polo obxectivo prioritario deste estudio, que é o de presentar un informe da situación na que se atopa o tecido social e produtivo da nosa Comunidade. Este achegamento desde o punto de vista do contexto sociolaboral constitúe un dos eixes sobre os que se artella a estrutura do informe do mercado laboral.

Así, o guión xeral toma como referencia o conxunto de Galicia, e, neste eido, abórdanse os datos sociodemográficos e a súa relación co mundo laboral en función dun grupo de variables consideradas en series anuais dos seis últimos anos, nas que se recollen datos referidos á poboación activa e á súa distribución en ocupados e parados, amosando por medio de táboas e gráficos a poboación ocupada segundo os sectores referidos a homes e mulleres, mentres que o estudio da poboación parada se aborda tendo en conta os grupos de idade referidos a ambos os sexos.

A información utilizada neste apartado procede da enquisa de poboación activa, do Instituto Galego de Estatística. Dado que as definicións e a metodoloxía están contidas na EPA que publica este instituto, pensouse non reproducila para non ser reiterativos.

Cómpre indicar non obstante que no ano 2002 se introducen na EPA cambios metodolóxicos que afectaron a algunhas definicións e ao proceso de cálculo de resultados; polo tanto, dadas as repercusións nas estimacións das enquisas, e co obxecto de salvar as discontinuidades nas series de resultados, o INE elaborou series comparables referidas aos anos anteriores de maneira que fose posible cuantificar a evolución do mercado laboral cos efectos das modificacións. En consecuencia, isto explica a alteración dos ritmos evolutivos que describían algunhas variables no informe do mercado laboral do ano 2002, posto que no momento de publicar ese informe contábase tan só cos datos de 2002, calculados conforme á nova metodoloxía, mentres que os datos dos anos anteriores correspondíanse coa antiga metodoloxía. Así, na presente edición xa se dispón de todos os datos debidamente actualizados e a análise dalgunha das variables estudadas, como é o caso da poboación parada, indica unha evolución ben diferente da que se reflectía no informe do ano 2002.



□□□ 1.1.2.- Tecido empresarial.

Neste apartado resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudio orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego; porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécense a través de táboas e gráficos, con comentarios anexos estruturados segundo dous epígrafes: un dedicado á situación actual das citadas variables e outro sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer enchida debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes provincias, aparecendo neste caso unha conta de cotización por provincia; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais que, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo o epígrafe de "traballadores", os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade

Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar descontínuos. Así, os autónomos inclúen só aos traballadores pertencentes a este réxime especial.

□ □ □ 1.1.3.- Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. No eido da economía, oferta e demanda utilízanse de forma contraria ao ámbito dos profesionais relacionados coa Consellaría de Asuntos Sociais. Deste xeito, para os economistas as demandas interprétanse igual que as ofertas para os técnicos da Administración, e viceversa. Convén aclarar, polo tanto, que neste documento se adopta, lóxicamente, a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á introdución voluntaria nas oficinas do servizo público de emprego de Galicia do currículo dun traballador, sexa ou non parado estrito, para solicitar destes órganos unha intermediación de cara ao emprego; e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudio da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos demandantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Dentro dos demandantes distinguimos entre parados e non parados. O colectivo de parados refírese exclusivamente ao paro rexistrado, entendendo por este o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo INEM existente o último día de cada mes, excluíndo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

Cando falamos de non parados, referímonos a aqueles demandantes que están á procura de mellorar laboralmente, apuntarse a un curso de formación ocupacional, etc.

A información utilizada no estudo da demanda provén das oficinas do servizo público de emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros. Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a comparación temporal destes.

Os resultados preséntanse a través das seguintes táboas:

- Demandantes rexistrados nas provincias galegas.
- Demandantes parados. Evolución (do ano 1999 ao 2003).
- Demandantes por situación laboral. Este apartado introdúcese como novidade no informe do mercado laboral de Galicia do 2003, e proporciona información sobre a situación laboral dos demandantes parados e non parados da Comunidade Autónoma galega.
- Demandantes por sexo e grupos de idade.
- Demandantes por nivel académico.
- Demandantes parados por tempo de busca de emprego.
- Demandantes por actividade económica de procedencia. Inclúense nesta edición gráficos que permiten afondar nunha análise subsectorial.
- Ocupacións máis demandadas. Convén aclarar que para a elaboración deste apartado se ten en conta exclusivamente a primeira ocupación requirida por cada demandante, mentres que en publicacións anteriores tomábanse como referencia ata seis ocupacións por demandante. Introdúcese esta novidade no informe laboral deste ano por considerar que ofrece unha información máis real dos requirimentos dos demandantes de emprego da Comunidade galega.
- Perfil máis representativo.

□□□ 1.1.4.- Ofertas.

Estúdianse neste apartado as ofertas de emprego, entendidas como aquelas peticións de currículos por parte das entidades empresariais rexistradas en todos os ámbitos do servizo público de emprego de Galicia, que inclúe tanto as ofertas rexistradas nos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación (CCSGC), como as rexistradas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia (OSPEG).

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

- □ Ofertas rexistradas-2003. Evolución: Estudio do reparto das ofertas entre as catro provincias da Comunidade Autónoma, reflectindo tanto as rexistradas nos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación (CCSGC), como as rexistradas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia (OSPEG). Analízase tamén a evolución das ofertas no período comprendido entre 1999 e 2003, incluíndo variacións medias e interanuais.

- □ Ofertas segundo os sectores de actividade económica: Reflíte o reparto da totalidade das ofertas por provincias e sectores económicos.

Posteriormente afóndase no reparto por subsectores. Introdúcese como novidade nesta publicación o estudio evolutivo das ofertas por sectores económicos no período 99/03. Inclúense as variacións interanuais e variación media anual.

- □ Tipoloxía das empresas ofertantes: Analízase a distribución das prazas ofertadas polos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación (CCSGC) segundo o tamaño da empresa e o sector económico. Dentro da tipoloxía de empresas optamos pola seguinte agrupación:

- PEQUENA EMPRESA (autónomo, familiar e menos de 50 traballadores)
- MEDIANA EMPRESA (entre 50 e 500 traballadores)
- GRAN EMPRESA (máis de 500 traballadores e multinacional)

Tamén se inclúe unha táboa na que se teñen en conta as ofertas medias por cada tipo de empresa.

- □ Perfil básico das ofertas:

- **SEXO:** Estúdanse os requirimentos de homes ou mulleres nos sectores económicos que interpoñen as súas ofertas nas entidades colaboradoras do Servizo Galego de Colocación e consideran ese requisito como unha característica que se debe considerar á hora de cubrir a súa demanda empresarial. Cómpre indicar que estes requisitos só se reflecten nas ofertas rexistradas nas entidades colaboradoras do Servizo Galego de Colocación, pois non se dispón de información sobre este extremo nos restantes ámbitos de emprego desta Comunidade.

- **NIVEIS ACADÉMICOS:** Téñense en conta tamén os requirimentos de determinados estudos para cumprir coas necesidades expresadas polos empresarios. As conclusións sacadas ao respecto deben considerarse desde un

punto de vista orientativo, debido a que só un 12% das ofertas esixen un nivel académico específico.

◻◻ Análise ocupacional:

A análise deste apartado abórdase a través das seguintes táboas:

- ◻ Táboa 7: Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas entidades colaboradoras do Servizo Galego de Colocación nos últimos cinco anos.
- ◻ Táboa 8: Tamén se mostran na última táboa as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia nos anos 2002 e 2003.

◻◻◻ **1.1.5.- Contratos.**

O estudio dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2003 utilizando para a súa análise a base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudio é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización inclúe seis apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 1999 ao 2003, ambos incluídos:

◻◻ Número de contratos no ámbito provincial.

Compárase o número de contratos recollidos nas distintas provincias respecto do conxunto de Galicia, destacando aquelas que presentan un maior peso porcentual. Analízase tamén a evolución dos contratos no ámbito provincial durante os cinco últimos anos, incluíndose por primeira vez nesta edición, ademais dos valores absolutos, as variacións medias e interanuais.

◻◻ Distribución da contratación en Galicia segundo o sexo e a idade.

Analízase a distribución da contratación do 2003 atendendo ao seu reparto por sexo referido a cinco grupos de idade. Inclúense dúas análises evolutivas nos últimos cinco anos, referidas tanto á contratación masculina e feminina como á contratación segundo intervalos de idade.

◻◻ Contratación segundo os sectores/subsectores económicos.

Neste apartado realízase unha clasificación dos contratos por sectores económicos, incluíndose como novidade nesta edición dous gráficos a través dos cales afóndase nos sectores secundario e de servizos. Tamén se inclúen aquí as variables de sexo e idade e a evolución da contratación por sectores/subsectores económicos.

□□ Tipoloxía da contratación laboral.

Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, o sexo e a idade, distribución da contratación segundo o tipo de contrato e os sectores económicos, e a evolución do número de contratos segundo a súa tipoloxía.

□□ Os grandes grupos de ocupación na contratación na Comunidade Autónoma.

Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo, incluíndo a análise detallada do volume contractual e das variacións medias calculadas para cada grupo e sexo.

□□ Ocupacións máis contratadas en Galicia.

Neste apartado analízanse primeiramente as trinta ocupacións máis contratadas en Galicia no ano 2003, e a continuación na seguinte táboa estúdase a evolución das trinta ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003. Cómpre salientar o cambio introducido nesta edición no criterio de elaboración da táboa de evolución, dado que en publicacións anteriores tomábanse como referencia as ocupacións máis contratadas no ano obxecto de estudo e describíase o seu ritmo evolutivo ao longo dos cinco últimos anos, mentres que, como xa se indicou, no informe do ano 2003 recóllense as ocupacións máis contratadas en cada un dos anos do período referenciado.

Estes dous últimos apartados constitúen unha característica significativa do bloque de contratos, dado que, como xa se mostrou, e a diferenza doutros bloques temáticos, a súa análise ocupacional inclúe tanto os nove grandes grupos ocupacionais como análise das ocupacións concretas; os códigos de ocupacións utilizados son os da Clasificación Nacional de Ocupacións.

Cómpre finalmente facer unha puntualización a destacar pola súa relevancia dende o punto de vista metodolóxico:

O apartado 6.4., tipoloxía da contratación laboral, recolle dentro do apartado "outros" a seguinte contratación: xubilación especial ós 64 anos, minusválidos centros especiais, colectivos de exclusión social e outros non especificados.

□□□ Grupos de idade

Outra novidade do estudo do informe do mercado laboral é a diferente clasificación dos intervalos de idade respecto de edicións anteriores. En concreto, os tres intervalos considerados noutras edicións desdóbráronse en cinco tramos, incluíndo un período de dez anos cada un.

Esta modificación introduciuse para posibilitar unha maior homoxeneidade dos grupos de idade, no sentido de incluír todos o mesmo número de anos, e para enriquecer a información en relación con este parámetro, xa que nos anos anteriores observouse que a meirande parte das ofertas, contratos e demandas correspondían ao mediano grupo de idade.

1.2.- Definicións e taxas

As taxas utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- Variación interanual: É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior $x-1$, dividido polo número de ofertas do $x-1$ e multiplicado por 100.

É dicir, a variación entre os anos 98/99 obteríase do seguinte xeito ⁽¹⁾:

$$\% \text{ Var. interanual}_{98/99} = \frac{O_{99} - O_{98}}{O_{98}} \times 100$$

Calculáriamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior:

- Variación media anual: Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos O_{2000} e O_{1998} ao número de ofertas nos anos 2000 e 1998, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte ⁽²⁾:

$$\% \text{ VMA} = \left[\sqrt[2]{\frac{O_{2000}}{O_{1998}}} - 1 \right] \times 100$$

⁽¹⁾ Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

⁽²⁾ Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso $3-1=2$, o que implica unha raíz cadrada)

Obteríamos deste xeito o crecemento medio acadado nos tres anos estudados⁽³⁾.

Clasificación das ramas de actividade económica:

A clasificación da actividade económica usada neste estudio baséase no CNAE 93 con varios niveis de desagregación ad hoc.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

sector económico	subsector económico
PRIMARIO	Agricultura, gandaría, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria Electricidade, gas e auga
CONSTRUCCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalaría e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico Transporte, almacenamento e comunicacións Outros servizos

⁽³⁾ Os exemplos citados fan referencia á parte das ofertas, aínda que serían igualmente válidos para explicar a parte de contratación laboral. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media se calcularía como unha raíz cuarta.

No derradeiro apartado, baixo o epígrafe de “outros servizos”, encóntanse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Unha novidade introducida este ano consiste en elaborar gráficos circulares na industria e nos servizos cunha desagregación maior cá sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións ad hoc elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE, que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc na industria
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimentarios e bebidas	ALIMENTACIÓN

código CNAE	descrición das divisións CNAE	subseccións ad hoc na industria
17	industria téxtil	TÉXTEL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletaría	
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	OUTRAS INDUSTRIAS
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos medico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojaría	
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	OUTRAS INDUSTRIAS
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	
37	reciclaxe	

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc nos servizos
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalaría	HOSTALARÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓN
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	OUTROS SERVIZOS
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	AA.PP.
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	
80	educación	
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVICIOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	OUTROS SERVIZOS
95	fogares que empregan persoal doméstico	
99	organismos extraterritoriais	

2. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO DE GALICIA

2.1. Poboación activa

Poboación activa de Galicia. Evolución. Datos absolutos (en miles). Media anual

idade	sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	variación media 98-03 (%)
16 a 19	homes	20,91	17,43	20,52	16,03	15,40	15,10	-6,30
	mulleres	9,67	9,71	9,21	8,57	8,01	7,75	-4,32
	total	30,58	27,14	29,73	24,60	23,41	22,86	-5,66
20 a 24	homes	66,78	66,02	66,93	64,29	62,12	62,46	-1,33
	mulleres	50,30	53,84	55,55	45,82	45,65	50,21	-0,03
	total	117,07	119,86	122,47	110,11	107,77	112,68	-0,76
25 a 54	homes	509,71	520,76	529,26	524,32	536,19	550,61	1,56
	mulleres	361,65	372,17	388,59	381,25	401,25	425,80	3,32
	total	871,36	892,92	917,85	905,57	937,44	976,40	2,30
55 e máis	homes	86,70	82,78	84,65	88,74	90,85	91,28	1,04
	mulleres	60,50	59,68	62,81	65,48	61,03	61,97	0,48
	total	147,19	142,46	147,46	154,22	151,88	153,25	0,81
TOTAL	homes	684,09	686,98	701,35	693,38	704,56	719,46	1,01
	mulleres	482,11	495,40	516,16	501,11	515,93	545,73	2,51
	total	1.166,20	1.182,38	1.217,51	1.194,49	1.220,49	1265,18	1,64

Poboación activa de Galicia. Evolución. Taxas (%). Media anual

idade	sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Taxa variación media 98-03 (%)
16 a 19	homes	26,19	22,96	28,54	23,56	23,99	24,95	-0,96
	mulleres	12,53	13,27	13,29	13,08	12,96	13,30	1,20
	total	19,47	18,20	21,06	18,42	18,58	19,23	-0,25
20 a 24	homes	59,52	59,39	60,91	59,81	60,05	63,16	1,19
	mulleres	45,76	49,37	51,55	43,49	45,04	51,95	2,57
	total	52,71	54,43	56,28	51,73	52,62	57,62	1,80
25 a 54	homes	90,55	91,43	91,32	88,77	89,50	90,76	0,05
	mulleres	64,33	65,34	67,05	64,55	66,88	69,97	1,70
	total	77,45	78,38	79,19	76,66	78,18	80,35	0,74
55 e máis	homes	24,82	23,47	23,75	24,60	24,87	24,70	-0,09
	mulleres	13,17	12,89	13,44	13,87	12,79	12,86	-0,48
	total	18,20	17,46	17,90	18,52	18,03	18,00	-0,23
TOTAL	homes	61,95	61,93	62,75	61,53	62,24	63,36	0,45
	mulleres	39,89	40,78	42,17	40,62	41,60	43,82	1,90
	total	50,42	50,87	51,99	50,61	51,45	53,14	1,05

A poboación activa de 16 e máis anos da Comunidade Autónoma de Galicia sitúase no ano 2003 na cifra de 1.265.180 persoas, o que representa unha taxa xeral de actividade do 53,14%.

Compróbase que a poboación total galega rexistra un número maior de mulleres que de homes, mentres que os datos de poboación activa mostran un predominio do sexo masculino sobre o feminino. A situación descrita reflíctese claramente na inferior taxa de actividade feminina, situada nun 43,82%, fronte ao 63,36% que se observa entre os homes.

En función da idade, conséntase que o maior número de activos aparecen nas persoas de 25 a 54 anos, que acadan unha cifra de 976.400, correspondéndose este dato coa taxa de actividade máis elevada de todos os intervalos de idade descritos, o 80,35%.

No 2003, exceptuando o intervalo de 16 a 19 anos, nos restantes tramos de idade obsérvase un aumento da poboación activa en comparación co 2002, sendo o grupo comprendido entre 25 e 54 anos o que experimenta o maior incremento, que se cifra nun total de 38.960 persoas.


O grupo de maiores de 55 anos rexistra a taxa de actividade máis baixa, o 18%. Isto é consecuencia directa do perfil específico (importante peso demográfico e outros pensionistas) e do volume da poboación total concentrada neste último tramo, que supera a suma da poboación comprendida nos dous primeiros grupos de idade.

Entre o ano 1998 e o 2003 hai un aumento de 98.980 persoas no volume de activos, que pasa de 1.166.200 persoas a 1.265.180, concentrándose o incremento máis significativo de activos no ano 2003.

Evolución da taxa de actividade por sexo (%)

sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Taxa variación media 98-03
HOMES	61,95	61,93	62,75	61,53	62,24	63,36	0,45
MULLERES	39,89	40,78	42,17	40,62	41,60	43,82	1,90
TOTAL	50,42	50,87	51,99	50,61	51,45	53,14	1,05

Evolución da taxa de actividade por sexo



A evolución ascendente asóciase ao crecemento experimentado por ambos os sexos e, especialmente, ao colectivo de mulleres activas, cun aumento da súa taxa de variación media do 1,90%, sendo consecuencia esta cifra do aumento producido no último ano. Este fenómeno tamén lle afecta, pero en menor medida, ao colectivo de homes, que acadou unha variación media no período estudado do 0,45%. Constatase que o 2003 é o ano o de maior crecemento de todo o período estudado para ambos os sexos.


Variacións interanuais da taxa de actividade por sexo (%)

sexo	98-99	99-00	00-01	01-02	02-03
HOMES	-0,04	1,32	-1,93	1,15	1,79
MULLERES	2,21	3,42	-3,67	2,40	5,34
TOTAL	0,89	2,20	-2,67	1,67	3,28

Evolución da taxa de actividade por idade (%)

idade	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Taxa variación media 98-03
16 - 19	19,47	18,20	21,06	18,42	18,58	19,23	-0,25
20 - 24	52,71	54,43	56,28	51,73	52,62	57,62	1,80
25 - 54	77,45	78,38	79,19	76,66	78,18	80,35	0,74
55 e máis	18,20	17,46	17,90	18,52	18,03	18,00	-0,23
TOTAL	50,42	50,87	51,99	50,61	51,45	53,14	1,05

Evolución da taxa de actividade por idade



Obsérvase que todos os grupos de idade mostran un incremento no ano 2003; destaca o colectivo comprendido entre os 20 e os 24 anos, que presenta comparativamente o maior incremento na evolución da súa taxa de variación media, cun 1,80%. Pola contra, o grupo de maiores de 55 e o de menores de 19 posúen unha taxa de variación media negativa (-0,23% e -0,25% respectivamente).

Variacións interanuais da taxa de actividade por idade

idade	98-99	99-00	00-01	01-02	02-03
16 - 19	-6,55	15,69	-12,50	0,87	3,51
20 - 24	3,26	3,39	-8,07	1,71	9,50
25 - 54	1,21	1,02	-3,19	1,98	2,78
55 e máis	-4,07	2,50	3,45	-2,64	-0,17
TOTAL	0,89	2,20	-2,67	1,67	3,28

2.2. Poboación ocupada

Poboación ocupada de Galicia. Evolución. Datos absolutos (en miles). Media anual

sectores	sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	variación media 98-03(%)
PRIMARIO	homes	93,06	88,38	90,04	85,80	76,04	71,75	-5,07
	mulleres	87,92	83,47	84,62	72,52	62,07	64,98	-5,87
	total	180,98	171,85	174,65	158,32	138,10	136,73	-5,45
CONSTRUCCIÓN	homes	102,09	109,24	118,41	124,16	127,67	124,82	4,10
	mulleres	2,35	3,57	5,35	6,13	5,72	4,62	14,46
	total	104,44	112,80	123,76	130,29	133,39	129,44	4,38
SECUNDARIO	homes	130,62	134,53	135,08	147,58	152,14	156,77	3,72
	mulleres	41,50	45,79	51,07	58,96	65,95	57,81	6,85
	total	172,11	180,32	186,16	206,54	218,09	214,58	4,51
SERVIZOS	homes	269,41	276,13	285,56	282,19	290,93	306,42	2,61
	mulleres	234,67	247,44	265,28	285,37	291,68	318,26	6,28
	total	504,08	523,57	550,84	567,56	582,61	624,68	4,38
TOTAL	homes	595,18	608,28	629,08	639,73	646,78	659,76	2,08
	mulleres	366,43	380,26	406,32	422,98	425,41	445,66	3,99
	total	961,61	988,54	1035,41	1062,71	1072,19	1105,42	2,83

Do mesmo xeito que sucedía coa poboación activa, a ocupada presenta un desequilibrio claro entre ambos os sexos. Malia isto, si se pode observar ao longo dos anos que conforman o período obxecto de estudio un incremento paulatino da poboación total ocupada, aumento que, comparado cos datos do 2002, se cifra en 33.320 persoas.

Se analizamos por sectores, é o de servizos o que rexistra o maior número de poboación ocupada, describindo no período obxecto de estudio (98/03) unha evolución positiva, e existindo neste sector un reparto equilibrado entre homes e mulleres, aínda que cómpre destacar que no 2003 se acentúan as diferenzas a favor do sexo feminino.

O segundo sector en volume de poboación ocupada correspóndese co secundario, que é un sector maioritariamente masculino. Porén, hai que matizar que o 2003 supón un freo na evolución descrita nos catro primeiros anos, ao reducir o número total de ocupados en máis de 3.000 persoas, descenso que afecta en exclusividade ao sexo feminino, mentres que o número de homes ocupados neste sector vai aumentando ano a ano.

A construción reflicte este ano un descenso dos ocupados, rompendo así a liña evolutiva que caracterizou os anos anteriores.

No que se refire ao sector primario, continúa o descenso do número de ocupados iniciado no 2001, aínda que cómpre indicar que no 2003 se observa un lixeiro aumento das mulleres ocupadas neste sector.

Poboación ocupada de Galicia. Evolución. Taxas (%). Media anual

sectores	sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Taxa variación media 98-03
PRIMARIO	homes	8,43	7,97	8,06	7,61	6,72	6,32	-5,60
	mulleres	7,27	6,87	6,91	5,88	5,00	5,22	-6,43
	total	7,83	7,39	7,46	6,71	5,82	5,74	-6,00
CONSTRUCCIÓN	homes	9,25	9,85	10,59	11,02	11,28	10,99	3,52
	mulleres	0,19	0,29	0,44	0,50	0,46	0,37	13,78
	total	4,52	4,85	5,29	5,52	5,62	5,44	3,78
SECUNDARIO	homes	11,83	12,13	12,08	13,10	13,44	13,81	3,14
	mulleres	3,43	3,77	4,17	4,78	5,32	4,64	6,21
	total	7,44	7,76	7,95	8,75	9,19	9,01	3,90
SERVIZOS	homes	24,40	24,89	25,55	25,04	25,70	26,98	2,03
	mulleres	19,42	20,37	21,67	23,13	23,52	25,56	5,65
	total	21,80	22,53	23,52	24,05	24,56	26,24	3,78
TOTAL	homes	53,90	54,83	56,28	56,77	57,14	58,10	1,51
	mulleres	30,32	31,30	33,20	34,29	34,30	35,79	3,37
	total	41,58	42,53	44,22	45,02	45,20	46,43	2,23


As fortes diferenzas da poboación ocupada entre o sexo feminino e o masculino maniféstase con claridade nas taxas de ocupación: 58,10% os homes e 35,79% as mulleres.

Como consecuencia da citada evolución do emprego, a taxa de ocupación vai incrementándose paulatinamente ao longo dos cinco últimos anos. Esta evolución reflíctese tanto nos homes (que ven pasa-la súa taxa do 53,90% ao 58,10% entre 1998 e 2003) como entre as mulleres (que pasan do 30,32% ao 35,79%). En xeral, a taxa de variación media da ocupación feminina gaña 3,37% puntos, fronte ao 1,51% no caso dos homes.

Evolución da taxa de ocupación por sexo (%)

sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Taxa variación media 98-03
HOMES	25,73	26,17	27,20	27,66	27,97	28,53	2,08
MULLERES	15,84	16,36	17,57	18,29	18,39	19,27	3,99
TOTAL	41,58	42,53	44,77	45,95	46,36	47,80	2,83

Evolución da taxa de ocupación por sexo



O 2003 supón unha continuación no ritmo de crecemento dos niveis de ocupación que ven sendo unha constante ao longo de todos os anos analizados, e, aínda que se observa un maior incorporación da muller ao mercado de traballo, as diferenzas a prol dos homes seguen sendo moi significativas.


Variacións interanuais da taxa de ocupación por sexo (%)

sexo	98-99	99-00	00-01	01-02	02-03
HOMES	1,70	3,93	1,69	1,10	2,01
MULLERES	3,26	7,38	4,10	0,57	4,76
TOTAL	2,29	5,26	2,64	0,89	3,10

Evolución da taxa de ocupación por sectores (%)

sectores	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Taxa variación media 98-03
PRIMARIO	7,83	7,39	7,55	6,85	5,97	5,91	-5,45
CONSTRUCCIÓN	4,52	4,85	5,35	5,63	5,77	5,60	4,38
SECUNDARIO	7,44	7,76	8,05	8,93	9,43	9,28	4,51
SERVIZOS	21,80	22,53	23,82	24,54	25,19	27,01	4,38
TOTAL	41,58	42,53	44,77	45,95	46,36	47,80	2,83

Evolución da taxa de ocupación por sectores



No conxunto do período (98/03) aumenta a ocupación en todos os sectores agás no primario. Os restantes sectores mostran un crecemento relativo paralelo, destacando lixeiramente a taxa de variación media do sector secundario (4,51%).

Se nos situamos no ano 2003, vemos que, con excepción de servizos, que rexistra a variación interanual máis alta de todo o período (7,22%), os demais sectores económicos presentan unha taxa de variación negativa, indicando estes resultados unha lixeira diminución de ocupados neste ano. Non obstante, cómpre indicar que, a pesar deste descenso, hai no ano 2003 un aumento do 3,10% da variación interanual con respecto ao 2002.

Variacións interanuais da taxa de ocupación por sectores (%)

sectores	98-99	99-00	00-01	01-02	02-03
PRIMARIO	-5,51	2,14	-9,35	-12,77	-0,99
CONSTRUCCIÓN	7,47	10,26	5,27	2,38	-2,96
SECUNDARIO	4,25	3,75	10,95	5,59	-1,61
SERVIZOS	3,35	5,73	3,04	2,65	7,22
TOTAL	2,29	5,26	2,64	0,89	3,10

2.3. Poboación parada

Poboación parada de Galicia. Evolución. Datos absolutos (en miles). Media anual

idade	sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	variación media 98-03(%)
16 a 19	homes	6,78	4,55	5,39	4,19	4,21	3,41	-12,83
	mulleres	4,39	4,44	4,10	2,94	2,37	2,56	-10,21
	total	11,16	8,99	9,49	7,12	6,57	5,97	-11,76
20 a 24	homes	16,08	14,47	12,19	10,49	10,32	10,86	-7,55
	mulleres	21,61	22,31	22,11	15,22	15,41	18,78	-2,77
	total	37,69	36,77	34,30	25,70	25,73	29,63	-4,69
25 a 54	homes	58,64	52,51	46,95	34,21	38,20	41,01	-6,90
	mulleres	86,67	84,83	79,69	57,37	70,16	73,91	-3,13
	total	145,30	137,34	126,63	91,57	108,36	114,92	-4,58
55 e máis	homes	7,41	7,19	7,75	4,77	5,06	4,43	-9,78
	mulleres	3,02	3,57	3,95	2,61	2,59	4,81	9,79
	total	10,43	10,76	11,70	7,38	7,65	9,24	-2,38
TOTAL	homes	88,90	78,71	72,27	53,65	57,78	59,71	-7,65
	mulleres	115,68	115,14	109,84	78,13	90,52	100,06	-2,86
	total	204,58	193,86	182,11	131,78	148,30	159,77	-4,82

A poboación parada de Galicia rexistra no ano 2003 unha cifra total de 159.770 persoas. A taxa de paro sitúase nun 12,63% da poboación activa. Existe un claro predominio do colectivo feminino, que acada unha taxa de desemprego que é máis do dobre da masculina (un 18,33% fronte ao 8,30%).

Se analizamos a situación dos parados por grupos de idade, obsérvase que o único colectivo que diminúe o seu número de parados é o comprendido entre 16 e 19 anos, cifrándose este descenso con respecto ó ano 2002 en 600 persoas. Os restantes grupos de idade presentan, pola contra, un lixeiro incremento do seu número de parados.

Poboación parada de Galicia. Evolución. Taxas (%). Media anual


idade	sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Taxa variación media 98-03
16 a 19	homes	32,40	26,09	26,25	26,11	27,31	22,58	-6,97
	mulleres	45,37	45,70	44,51	34,27	29,53	33,02	-6,16
	total	36,51	33,11	31,91	28,95	28,07	26,12	-6,48
20 a 24	homes	24,08	21,91	18,21	16,31	16,61	17,38	-6,31
	mulleres	42,96	41,43	39,80	33,21	33,77	37,39	-2,74
	total	32,19	30,68	28,00	23,34	23,88	26,30	-3,96
25 a 54	homes	11,50	10,08	8,87	6,52	7,12	7,45	-8,33
	mulleres	23,96	22,79	20,51	15,05	17,48	17,36	-6,25
	total	16,68	15,38	13,80	10,11	11,56	11,77	-6,73
55 e máis	homes	8,55	8,68	9,15	5,38	5,57	4,85	-10,70
	mulleres	4,99	5,98	6,28	3,99	4,24	7,77	9,26
	total	7,08	7,55	7,93	4,79	5,03	6,03	-3,17
TOTAL	homes	13,00	11,46	10,30	7,74	8,20	8,30	-8,58
	mulleres	23,99	23,24	21,28	15,59	17,54	18,33	-5,24
	total	17,54	16,40	14,96	11,03	12,15	12,63	-6,36

Evolución da taxa de paro por sexo (%)

sexo	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Taxa variación media 98-03
HOMES	13,00	11,46	10,30	7,74	8,20	8,30	-8,58
MULLERES	23,99	23,24	21,28	15,59	17,54	18,33	-5,24
TOTAL	17,54	16,40	14,96	11,03	12,15	12,63	-6,36

Chegados a este apartado da evolución da taxa de paro por sexo, cómpre recordar os cambios metodolóxicos introducidos na Epa (xa referidos no epígrafe 1.1. Contido. Metodoloxía e fontes de información), e que afectan ao proceso de cálculo de resultados. En consecuencia co exposto, e co fin de salvar as discontinuidades das series de datos que posibiliten cuantificar a evolución do mercado laboral, establecéronse series comparables referidas aos anos anteriores conforme a nova metodoloxía, rompéndose así a liña evolutiva do paro que marcaban os datos antigos. Aínda que na publicación do ano 2002 (non se dispoñía no momento da publicación dos datos dos anos 97/01 calculados segundo a nova metodoloxía) reflectíase que a tendencia do paro era de carácter descendente, na presente publicación e unha vez consignados os datos debidamente actualizados móstranse un aumento do paro dende o ano 2001.

Feita esta excepción, conséntase que do mesmo xeito que a evolución da ocupación favoreceu ambos os sexos, en termos de descenso das cifras do paro reflíctese tamén un pequeno incremento nos dous, sendo entre as mulleres onde se pode falar dunha maior subida.



Neste gráfico pode verse con claridade o comportamento do desemprego ao longo do período comprendido entre o 1998 e o 2003. Obsérvase que, aínda que o paro sofre unha importante caída nos tres primeiros anos deste período, a partir do 2001 hai un lento incremento do número de desempregados.

Variacións interanuais da taxa de paro por sexo (%)


sexo	98-99	99-00	00-01	01-02	02-03
HOMES	-11,83	-10,07	-24,92	6,00	1,19
MULLERES	-3,13	-8,44	-26,73	12,53	4,50
TOTAL	-6,54	-8,77	-26,25	10,14	3,92

Nesta táboa vese máis claramente o punto de inflexión que marca o ano 2001. Así, mentres as variacións interanuais da taxa de paro nos tres primeiros anos do período rexistran un saldo negativo, nos dous últimos anos contan cun saldo positivo que indica o referido incremento do desemprego.

Evolución da taxa de paro por idade (%)

idade	1998	1999	2000	2001	2002	2003
16 - 19	36,51	33,11	31,91	28,95	28,07	26,12
20 - 24	32,19	30,68	28,00	23,34	23,88	26,30
25 - 54	16,68	15,38	13,80	10,11	11,56	11,77
55 e máis	7,08	7,55	7,93	4,79	5,03	6,03
TOTAL	17,54	16,40	14,96	11,03	12,15	12,63

Evolución da taxa de paro por idade



A análise da evolución da taxa de paro por grupos de idade sinala que o incremento do paro nos dous últimos anos afecta a todos os intervalos de idade detallados nesta táboa, con excepción dos desempregados menores de 19 anos, que experimentan unha progresiva diminución dende o ano 98.

Variacións interanuais da taxa de paro por idade (%)

idade	98-99	99-00	00-01	01-02	02-03
16 - 19	-9,31	-3,62	-9,28	-3,03	-6,95
20 - 24	-4,69	-8,72	-16,64	2,28	10,15
25 - 54	-7,76	-10,30	-26,71	14,31	1,82
55 e máis	6,57	5,05	-39,66	5,19	19,82
TOTAL	-6,54	-8,77	-26,25	10,14	3,92

3. TECIDO EMPRESARIAL

O estudo do tecido empresarial constitúe unha síntese de datos sobre empresas e traballadores para obter un coñecemento xeral da estrutura empresarial das catro provincias galegas e do conxunto da Comunidade Autónoma.

Os datos analizados proveñen da base de datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social e son os seguintes: número de empresas, autónomos e traballadores por conta allea no ámbito provincial e galego na actualidade e ao longo dos últimos anos.

Respecto da información ofrecida neste estudo sobre empresas e autónomos, cómpre matizar determinados aspectos. A información relativa ás empresas corresponde en realidade a contas de cotización, o que pode sobrevalorar o seu número debido a que nunha mesma empresa poden converxer varias contas de cotización. Por outra banda, convén aclarar que os autónomos deste estudo son autónomos en sentido estrito, é dicir, están excluídos deste concepto os traballadores agrarios por conta propia, os traballadores por conta propia do mar e os empregados do fogar discontinuos, que están incluídos en traballadores.

3.1. Situación actual do tecido productivo galego

Tecido productivo galego e provincial (ano 2003)


	empresas		traballadores		autónomos	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A CORUÑA	42.399	39,32%	316.311	41,20%	69.706	40,33%
LUGO	13.923	12,91%	99.418	12,95%	21.871	12,66%
OURENSE	12.535	11,62%	78.342	10,20%	22.854	13,22%
PONTEVEDRA	38.982	36,15%	273.668	35,65%	58.390	33,79%
GALICIA	107.839	100,00%	767.739	100,00%	172.821	100,00%

Táboa 1. Tecido productivo actual


Na presente táboa podemos comprobar que a meirande parte do tecido produtivo galego se concentra nas provincias da Coruña e Pontevedra, que acaparan entre as dúas arredor do 75% das empresas, traballadores e autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.


A continuación obsérvase dun xeito máis gráfico o anteriormente exposto:

Empresas (porcentaxes provinciais)



Traballadores (porcentaxes provinciais)



Autónomos (porcentaxes provinciais)**3.2. Evolución das principais variables do tecido productivo**

A continuación temos tres táboas cos datos referentes ás empresas, traballadores por conta allea e autónomos nos últimos cinco anos.


Tecido productivo galego e provincial (ano 2003)

Ámbito territorial	N.º de empresas (datos absolutos)				
	1999	2000	2001	2002	2003
PROVINCIA DA CORUÑA	39.808	40.344	41.589	41.872	42.399
PROVINCIA DE LUGO	14.510	14.827	15.247	15.149	13.923
PROVINCIA DE OURENSE	12.199	12.357	12.851	12.899	12.535
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	34.447	35.273	37.298	38.194	38.982
GALICIA	100.964	102.801	106.985	108.114	107.839

Táboa 2.


En canto ao número de empresas, a evolución positiva que experimentara a Comunidade galega durante os catro primeiros anos deste período sofre un freo no 2003, reducíndose en 217 o número de empresas rexistradas en Galicia en comparación co ano anterior; o citado descenso repercute exclusivamente nas provincias de Lugo e Ourense, mentres que A Coruña e Pontevedra continúan na liña evolutiva dos anos anteriores.

Evolución do número de empresas (datos absolutos)



O gráfico reflicte claramente como mentres as provincias occidentais teñen unha posición avantaxada, aumentando paulatinamente o seu número de empresas, as provincias orientais sofren o fenómeno inverso e ven diminuír o seu volume de empresas no último ano.

Evolución das empresas en Galicia (variacións interanuais)



En consecuencia, a variación interanual de Galicia correspondente ao último tramo temporal (02/03) é lixeiramente negativa (-0,25%), aínda que os peores resultados corresponden á provincia de Lugo, que amosa unha variación interanual do -8,09%, mentres que a provincia de Pontevedra conta coa variación interanual máis elevada do citado período (2,06%).

Evolución dos traballadores galegos


Ámbito territorial	N.º de traballadores (datos absolutos)				
	1999	2000	2001	2002	2003
PROVINCIA DA CORUÑA	282.152	291.386	302.375	310.577	316.311
PROVINCIA DE LUGO	94.012	95.971	97.149	98.636	99.418
PROVINCIA DE OURENSE	73.889	75.560	77.004	77.993	78.342
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	241.318	253.656	262.497	268.494	273.668
GALICIA	691.374	716.572	739.025	755.700	767.739

Táboa 3.

Pódese observar un aumento continuado de traballadores en todos os ámbitos territoriais e, concretamente no ano 2003, o incremento experimentado no conxunto de Galicia cífrase nun total de 12.039 traballadores respecto do ano anterior.


Graficamente a evolución sería como segue:

Evolución do número de traballadores (datos absolutos)



O incremento máis significativo do número de traballadores corresponde ás provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que Ourense e Lugo reflicten aumentos menos relevantes.

Evolución dos traballadores (variacións interanuais)




No gráfico vemos que se ralentiza o ritmo de crecemento do número de traballadores no último período 2002/03. Aínda así, todas as provincias galegas amosan variacións interanuais positivas, destacando como a máis elevada a correspondente a Pontevedra (1,93%), mentres que Ourense presenta a variación interanual máis baixa deste período (0,45%).

Evolución dos autónomos galegos

ámbito territorial	N.º de autónomos (datos absolutos)				
	1999	2000	2001	2002	2003
PROVINCIA DA CORUÑA	64.530	65.890	66.592	67.379	69.706
PROVINCIA DE LUGO	20.789	21.293	21.491	21.216	21.871
PROVINCIA DE OURENSE	22.225	22.604	22.590	22.617	22.854
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	52.322	53.737	54.646	56.215	58.390
GALICIA	159.865	163.524	165.320	167.427	172.821


Galicia aumenta en máis de 5.000 o número de autónomos no ano 2003. Este incremento repercute nas catro provincias da Comunidade galega.

Evolución do n.º de autónomos (datos absolutos)



A evolución das provincias occidentais transcorre parella, aínda que existen diferenzas significativas en canto ao volume de autónomos atribuíble a cada unha. O mesmo acontece coas provincias orientais, nas que existe unha proximidade no que se refire ó volume de traballadores autónomos.

Evolución dos autónomos (variacións interanuais)



O ritmo de crecemento dos autónomos no último ano experimenta un gran impulso en toda Galicia, cunha variación interanual do 3,22%. Se analizamos por provincias, este crecemento é especialmente significativo na de Lugo, que ten neste período unha variación interanual do 3,09%. Pola contra, a variación interanual máis baixa corresponde a Ourense (1,05%).

4. DEMANDAS

4.1. Demandantes rexistrados nas provincias galegas

Demandantes por provincia

provincia	parados	parados %	non parados	non parados %	total demandantes	total demandantes %
A CORUÑA	66.035	41,97	30.470	39,11	96.505	41,02
LUGO	16.497	10,49	8.285	10,63	24.782	10,53
OURENSE	18.440	11,72	10.472	13,44	28.912	12,29
PONTEVEDRA	56.365	35,82	28.679	36,81	85.044	36,15
GALICIA	157.337	100,00	77.906	100,00	235.243	100,00


TAXA DE COBERTURA = 35,46%

Táboa 1.

Nesta táboa apréciase que as provincias da Coruña e Pontevedra acaparan máis do 75% dos demandantes, tanto parados como non parados, da Comunidade Autónoma galega, marcando claramente as distancias respecto das provincias de Lugo e Ourense.

Os desempregados que cobran prestacións (taxa de cobertura) supoñen un 35,46% dos demandantes de emprego de Galicia.

O seguinte gráfico mostra a demanda por provincias no ano 2003:

Demandantes Galicia/2003**4.2. Demandantes parados. Evolución****Demandantes parados. Datos absolutos Variacións interanuais. Variación media 1999/2003**

provincia	valor absoluto					variacións interanuais %				v.m. anual %
	1999	2000	2001	2002	2003	98-99	99-00	00-01	01-02	98-02
A CORUÑA	58.880	59.817	58.225	64.019	66.035	1,59	-2,66	9,95	3,15	2,91
LUGO	15.143	14.878	14.344	15.572	16.496	-1,75	-3,59	8,56	5,93	2,16
OURENSE	17.958	17.663	16.723	18.214	18.439	-1,64	-5,32	8,92	1,24	0,66
PONTEVEDRA	50.401	49.858	49.062	53.210	56.367	-1,08	-1,60	8,45	5,93	2,84
GALICIA	142.382	142.216	138.354	151.015	157.337	-0,12	-2,72	9,15	4,19	2,53
ESPAÑA	1.613.750	1.556.382	1.574.844	1.688.068	1.711.487	-3,55	1,19	7,19	1,39	1,48

Táboa 2.


A evolución do paro rexistrado nos últimos anos na Comunidade Autónoma de Galicia caracterizouse por unha tendencia descendente ata o 2001; porén, a partir deste ano, esta tendencia inverteuse ao aumentar considerablemente as cifras de parados, afectando o citado incremento de maneira xeneralizada ás catro provincias galegas.

O balance final nos cinco últimos anos (99-03) presenta como resultado unha variación media anual na que se reflite un incremento do paro dun 2,53%.


En España, malia que a evolución do paro presentaba saldo negativo desde 1999 ao 2000, a partir deste último ano xa se manifesta un incremento do paro que se acentúa no período 01-02, aínda que debemos matizar que este incremento é inferior ao experimentado pola Comunidade Autónoma galega. A variación media do Estado no período 99/03 amosa un incremento do paro nun 1,48%.

Nos seguintes gráficos móstrase con claridade a evolución que experimenta o paro no ámbito da Comunidade Autónoma e no conxunto do territorio nacional, no período comprendido entre 1999 e 2003:

Evolución paro rexistrado Galicia (99/03)



Evolución paro rexistrado España (99/03)



4.3. Demandantes por situación laboral

Situación laboral dos demandantes

situación dos demandantes		n.º	%
PARADOS	Sen emprego anterior dispoñibilidade inmediata	27.757	11,80
	Con emprego anterior dispoñibilidade inmediata	129.580	55,08
NON PARADOS	Sen emprego anterior dispoñibilidade inmediata	9.527	4,05
	Con emprego anterior dispoñibilidade inmediata	29.512	12,55
	Con emprego a tempo parcial e prestación compatible	12.009	5,10
	En expediente de regulación de emprego	3.622	1,54
	Demandantes de mellora de emprego	15.540	6,61
	Demandantes de emprego de menos de 20 horas	6.347	2,70
	Resto demandantes	1.349	0,57
	TOTAL		235.243

Táboa 3.

O colectivo de demandantes máis común é o formado por parados con emprego anterior (55,08%), mentres que o segundo lugar, con cifras moi afastadas, corresponde aos ocupados con emprego anterior (12,55%).

4.4. Demandantes de emprego por sexo e grupos de idade

Demandantes parados por sexo e grupos de idade

grupos de idade	homes %	mulleres %	total %
25 e menos	7,61	10,43	18,04
26 a 35	11,10	18,82	29,92
36 a 45	7,61	14,18	21,78
46 a 55	7,25	10,53	17,78
55 e máis	6,86	5,62	12,48
TOTAL GALICIA	40,42	59,58	100,00

Táboa 4.

No conxunto da demanda de parados, o colectivo de mulleres que teñen entre 26 e 35 anos rexistra o maior número de demandantes (18,82%), seguidas polo colectivo feminino comprendido entre os 36 e 45 anos (14,18%).

No colectivo masculino a maior porcentaxe de demandantes parados sitúase no intervalo de 26 a 35 anos.

A suma do conxunto de demandantes parados de ambos os sexos rexistra os valores máis elevados no intervalo de 26 a 35 anos, mentres que os maiores de 56 anos contan coa porcentaxe máis baixa de demandantes parados.

Demandantes no parados por sexo e grupos de idade

grupos de idade	homes %	mulleres %	total %
25 e menos	7,95	10,94	18,88
26 a 35	9,11	18,71	27,82
36 a 45	6,32	14,13	20,46
46 a 55	7,05	10,43	17,48
55 e máis	8,86	6,50	15,36
TOTAL GALICIA	39,29	60,71	100,00

Táboa 5.

No conxunto da demanda de non parados, o colectivo de mulleres de 26 a 35 anos rexistra o maior número de demandantes; seguidamente, cun 14,13%, sitúanse tamén as mulleres de entre 36 e 45 anos.

No colectivo masculino ningún intervalo de idade acada porcentaxes superiores ao 10%, e o grupo de maiores de 56 anos é o que rexistra a porcentaxe máis elevada (8,86%).

A suma do conxunto de demandantes non parados de ambos os sexos indica que a maior porcentaxe de demandantes parados se sitúa no grupo de 26 a 35 anos.

4.5. Demandantes de emprego por nivel académico

Demandantes parados por nivel académico

nivel académico	valor absoluto	parados %
Ata certificado de escolaridade*	51.538	32,76
BUP / Bacharelato superior / COU	18.690	11,88
Titulación ensinanza obrigatoria	57.677	36,66
FP	9.595	6,10
Outras titulacións	3.598	2,29
Titulados universitarios	16.239	10,32
TOTAL	157.337	100,00

Táboa 6.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade.

Na análise de demandantes parados por nivel académico, aparece coa porcentaxe máis elevada o grupo de demandantes que posúen a titulación de ensinanza obrigatoria, seguidos de preto polo grupo de "ata certificado de escolaridade". Entre ambos os dous agrupan a máis de dous tercios do total de demandantes de emprego.

Demandantes non parados por nivel académico

nivel académico	valor absoluto	non parados %
Ata certificado de escolaridade*	25.562	32,81
BUP / Bacharelato superior / COU	11.411	14,65
Titulación ensinanza obrigatoria	25.372	32,57
FP	4.832	6,20
Outras titulacións	1.324	1,70
Titulados universitarios	9.405	12,07
TOTAL	77.906	100,00

Táboa 7.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade.

Igual que sucedía cos demandantes parados, no colectivo de demandantes non parados a porcentaxe máis alta correspóndese co grupo que non concluíu a ensinanza obrigatoria, e, en segundo lugar, cunha porcentaxe moi próxima, sitúase o grupo que rematou a ensinanza obrigatoria. Por último, cómpre indicar que por encima do 10% aparecen os titulados universitarios e os bachareis.

4.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

Demandantes parados por tempo de busca de emprego					
grupos de idade	sexo	menos de 6 meses %	6 meses a 1 ano %	máis de 1 ano %	total %
25 e menos	homes	5,98	1,08	0,55	7,61
	mulleres	6,70	1,91	1,82	10,43
26 a 35	homes	7,60	1,82	1,68	11,1
	mulleres	9,50	3,11	6,21	18,82
36 a 45	homes	4,68	1,15	1,78	7,61
	mulleres	5,82	2,03	6,32	14,17
46 a 55	homes	3,43	1,00	2,82	7,25
	mulleres	3,13	1,21	6,18	10,52
56 e máis	homes	1,74	0,88	4,24	6,86
	mulleres	0,97	0,53	4,12	5,62
TOTAL		49,55	14,73	35,72	100

Táboa 8.

A metade dos demandantes levan menos de 6 meses á procura de emprego (49,66%), seguidos do grupo que leva máis dun ano demandando emprego (35,72%).

Dentro dos demandantes que levan menos de 6 meses á procura de emprego destacan coa porcentaxe máis elevada as mulleres de entre 26 a 35 anos (9,50%).

4.7. Demandantes por actividade económica de procedencia

Demandantes por actividade económica de procedencia

	parados	parados%	non parados	non parados%	total demandantes	total demandantes %
SECTOR PRIMARIO	3.987	2,53	2.500	3,21	6.487	2,76
SECTOR SECUNDARIO	26.828	17,05	13.262	17,02	40.090	17,04
SECTOR CONSTRUCCIÓN	19.451	12,36	6.401	8,22	25.852	10,99
SECTOR SERVICIOS	79.541	50,55	43.027	55,23	122.568	52,10
SEN ACTIVIDADE PREVIA	27.530	17,50	12.716	16,32	40.246	17,11
TOTAL	157.337	100,00	77.906	100,00	235.243	100,00


Táboa 9.

Algo máis da metade dos demandantes de emprego en Galicia encádranse no sector servizos (52,10%), mantendo esta preponderancia no colectivo de parados e de non parados. Dentro dos parados, son os demandantes de primeiro emprego os que aparecen en segundo lugar, seguidos case coa mesma porcentaxe polos incluídos no sector secundario.

O sector primario é o que menos demandas recolle en ambos os dous colectivos, parados e non parados.

A continuación, debido á diversidade de actividades comprendidas na industria e nos servizos, imos afondar na súa análise a través dos seguintes gráficos:


Demandantes parados Servizos



AA.PP ■ Act. innov. e serv. emp. ■ Comercio excp. automoción ■ Educación ■ Hostalaría ■
 Outros servizos ■ Sanidade e serv. sociais ■ Serv. á comunidade ■ Servizos de automoción ■

A porcentaxe máis elevada correspóndese coas actividades inmobiliarias e servizos empresariais (22%), seguidas de cerca por comercio, excepto automoción (21%).

Demandantes parados Industria



Alimentación ■ Fab. prod. minerais non metálicos ■ Fab. material transporte ■ Madeira ■
 Metalurxia e fab. produc. metal ■ Outras industrias ■ Téxtil e confección ■

As porcentaxes máis significativas na industria corresponden a tres actividades: alimentación (27%), téxtil e confección (23%) e a outras industrias (21%).

4.8. As 30 ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

30 ocupacións máis demandadas	valor absoluto	% Galicia
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	21.048	8,95
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	20.951	8,91
MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL	17.448	7,42
PEÓN DA IND. MANUFACTUREIRA, EN XERAL	12.373	5,26
CAMAREIRO, EN XERAL	6.530	2,78
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	5.887	2,50
ALBANEL	5.878	2,50
COCIÑEIRO, EN XERAL	3.878	1,65
OPER. MÁQUINA IND. COSER Á PLANA, EX. PEL: CALZADO	3.650	1,55
AUXILIAR DE CLÍNICA	3.541	1,51
MESTRE DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EN XERAL	2.417	1,03
TÉCNICO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	2.318	0,99
PEITEADOR DE SEÑORAS	2.201	0,94
COCEDOR DE PEIXES E MARISCOS	2.191	0,93
MODISTA/O	2.105	0,89
COIDADORA DE GARDERÍA INFANTIL	2.043	0,87
CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	2.027	0,86
PEÓN DA IND. ALIMENT., BEBIDAS E TABACO	1.926	0,82
CARPINTEIRO, EN XERAL	1.924	0,82
MOZO CARGA/DESCARGA, ALMACÉN	1.703	0,72
CAIXEIRO DE COMERCIO	1.634	0,69
XARDINEIRO, EN XERAL	1.623	0,69
PINCHE DE COCIÑA	1.563	0,66
CONDUTOR DE FURGONETA DE ATA 3,5 T	1.559	0,66
INSTALADOR ELECTRICISTA, EN XERAL	1.502	0,64
EMBALADOR, EMPAQUETADOR, ETIQUETADOR Á MAN	1.482	0,63
CAMAREIRA/O DE PISOS (HOSTALERÍA)	1.475	0,63
ORDENANZA	1.464	0,62
SOLDADOR POR ARCO ELÉCTRICO, EN XERAL	1.398	0,59
EMPREGADA DE FOGAR	1.397	0,59

A ocupación na que figuran máis demandas de emprego é empregado administrativo en xeral, cun 8,95% das demandas, aínda que esta segunda posición está practicamente compartida con dependente de comercio en xeral, cun 8,91%, seguida de mozo-muller de limpeza, que rexistra un 7,42% das demandas.

Tódolos sectores económicos, con excepción do agrario, están recollidos na táboa das 30 ocupacións máis demandadas, aínda que a maioría das ocupacións descritas pertencen ao sector servizos. As 30 ocupacións representan ao redor do 50% do total de demandas, e gran parte delas presentan un perfil de cualificación medio-baixo.

4.9. Perfil dos demandantes de emprego

Nesta última táboa resúmense as categorías máis representativas das caracterizacións feitas nos apartados anteriores.

Perfil máis representativo

categorias máis representativas	perfil tipo
Sexo	Muller
Grupo de idade	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensinanza obrigatoria
Busca de emprego	Menos de seis meses
Actividade económica	Sector servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral

5. OFERTAS. □

5.1. Ofertas rexistradas no ano 2003. Evolución

Número de ofertas no ano 2003 (n.º absolutos e relativos)

provincia	ofertas OSPEG ⁽⁴⁾	ofertas OSPEG%	ofertas CCSGC ⁽⁵⁾	ofertas CCSGC%
A CORUÑA	12.331	14,16	20.492	23,53
LUGO	4.839	5,56	5.404	6,20
OURENSE	4.551	5,22	6.597	7,57
PONTEVEDRA	18.697	21,47	14.192	16,29
GALICIA	40.418	46,4	46.685	53,6

Táboa 1.

No reparto total das ofertas na Comunidade Autónoma de Galicia observamos o maior peso das provincias da Coruña e Pontevedra, que recollen cada unha delas arredor do 38% das ofertas totais. En terceiro lugar aparece Ourense (12,80%), seguida a pouca distancia de Lugo (11,76%).

⁽⁴⁾ A sigla OSPEG refírese ás oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

⁽⁵⁾ A sigla CCSGC refírese aos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación.

Evolución de ofertas 1999-2003. Números absolutos e variacións anuais (%)

provincias	n.º de ofertas					variacións interanuais %				var. m. % 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
A CORUÑA	29.845	37.922	30.763	30.380	32.823	27,06	-18,88	-1,25	8,04	2,41
LUGO	6.872	8.781	8.983	9.739	10.243	27,78	2,30	8,42	5,18	10,49
OURENSE	9.975	12.971	11.664	10.872	11.148	30,04	-10,08	-6,79	2,54	2,82
PONTEVEDRA	22.313	29.145	32.188	35.958	32.889	30,62	10,44	11,71	-8,53	10,19
GALICIA	69.005	88.819	83.598	86.949	87.103	28,71	-5,88	4,01	0,18	6,00

Táboa 2.

No ano 2003 hai un lixeiro incremento de prazas ofertadas para o conxunto de Galicia con respecto ao ano anterior, aínda que sen acadar o valor máis elevado dos cinco anos obxecto da análise, que corresponde ao 2000.


Por provincias vemos que todas experimentan un incremento da oferta no último ano, excepto a de Pontevedra, onde se produce unha diminución importante.

As variacións interanuais son positivas na provincia de Lugo ao longo dos anos observados, xa que o número de prazas ofertadas se incrementa de forma continua nos cinco anos, presentando valores especialmente elevados no período 1999/00. Na Coruña e Ourense aparecen variacións interanuais negativas nos períodos 2000/01 e 2001/02, reflectindo a diminución experimentada polas ofertas neses anos, mentres que en Pontevedra é no período 2002/03 onde as ofertas decrecen (v. interanual -8,53%).

Se nos fixamos no crecemento medio do conxunto dos anos analizados, vemos que as catro provincias mostran unha evolución positiva con respecto ao ano 1999.

A continuación amósase graficamente a evolución das ofertas en cada unha das provincias:

Ofertas Galicia 1999 - 2003



5.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica


Distribución por provincias e sectores económicos. Números absolutos e peso relativo de cada provincia en cada un dos sectores.

provincia	primario		secundario		contrucción		sector servizos	
	n.º	%	n.º	%	n.º	%	n.º	%
A CORUÑA	339	28,11	3.126	37,79	5.844	37,48	23.509	37,91
LUGO	367	30,43	573	6,93	1.497	9,60	7.802	12,58
OURENSE	129	10,70	1.007	12,17	2.227	14,28	7.783	12,55
PONTEVEDRA	371	30,76	3.567	43,12	6.023	38,63	22.923	36,96
GALICIA	1.206	100	8.273	100	15.591	100	62.017	100

Táboa 3.

No sector primario, é a provincia de Pontevedra a que presenta un maior número de ofertas, seguida pola de Lugo. Nos outros tres sectores Pontevedra ocupa o primeiro lugar e a Coruña o segundo, excepto no sector servizos, no que estas posicións se inverten.

Analizando a situación por sectores, conséntase que servizos é o que rexistra o maior número de prazas nas catro provincias galegas; a construción e a industria ocupan o segundo e terceiro lugar, respectivamente.




As porcentaxes sinalan claramente o predominio do sector servizos, que recolle o 72% das ofertas da Comunidade Autónoma. A moita distancia aparecen a construción (18%) e a industria (9%). O agrario é un sector residual, con tan só o 1% das ofertas de Galicia.

No ámbito subsectorial imos entrar no reparto de ofertas en servizos e industria. A construción non se divide en subsectores, e o sector primario, ten unha presenza testemuñal, polo que non parece significativa a súa análise.


A inmensa maioría das ofertas corresponden á agricultura e forestal (87%), mentres que na pesca só se recollen o 13% das prazas ofertadas no sector primario.

Industria/Galicia



Destacan co 23% outras industrias, seguidas polos subsectores téxtil e confección e alimentación, que recollen cada un deles o 22% do total das ofertas do sector secundario. A bastante distancia aparecen a metalurxia e fabricación de produtos metálicos (13%) e a madeira (9%).

Servizos/Galicia



Dentro do sector servizos o subsector que recolle un maior número de ofertas é o das administracións públicas (31%), seguido das actividades inmobiliarias e servizos empresariais (14%). O terceiro lugar compárteno, co 12% do total das ofertas de servizos, o comercio excepto automoción e a hostalaría.

Variación media anual das ofertas por sectores económicos (1999-2003)

provincias	n.º de ofertas					variacións interanuais %				var. m. % 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Sector primario	233	476	578	583	604	104,29	21,43	0,87	3,60	26,89
Sector secundario	2.704	6.333	5.329	4.506	4.419	134,21	-15,85	-15,44	-1,93	13,07
Construción	5.823	11.336	11.713	10.147	10.502	94,68	3,33	-13,37	3,50	15,89
Sector servizos	14.583	36.272	28.279	29.440	31.160	148,73	-22,04	4,11	5,84	20,90
TOTAL GALICIA	23.343	54.417	45.899	44.676	46.685	133,12	-15,65	-2,66	4,50	18,92

Táboa 4. Evolución das ofertas por sectores económicos (CCSGC). Números absolutos e variacións anuais (%).

As variacións interanuais son positivas en todos os anos no sector primario, aínda que presentan valores moi baixos nos dous últimos intervalos.

O sector secundario experimenta no ano 2001 unha variación interanual moi elevada (134,21%), mentres que nos anos seguintes as variacións son negativas, reflectindo unha importante caída na evolución das ofertas.

A construción e os servizos comezan tamén cun incremento importante no ano 2001; despois presentan valores máis moderados e incluso aparecen variacións negativas no intervalo 2001/02 e 2000/2001 respectivamente.

Se analizamos o crecemento medio do conxunto dos anos analizados, atopamos que todos os sectores mostran unha evolución positiva con respecto ao ano 1999.

5.3. Tipoloxía das empresas ofertantes

Distribución das ofertas CCSGC por sector económico segundo o tamaño da empresa.

sectores	n.º de prazas ofertadas		
	pequena empresa	mediana empresa	gran empresa
SECTOR PRIMARIO	501	84	19
SEC. SECUNDARIO	3.873	511	35
CONSTRUCCIÓN	9.166	1.232	104
SECTOR SERVICIOS	24.799	3.916	2.445
TOTAIS	38.339	5.743	2.603

Táboa 5.

Observamos que o número de prazas ofertadas pola pequena empresa é o máis elevado, seguida, a grande distancia, pola mediana empresa.

Por sectores é o de servizos o que presenta máis ofertas nos tres tipos de empresas analizadas. O segundo lugar ocúpao a construción e o terceiro, o sector secundario.

Oferta media por cada tipo de empresa

empresas	n.º empresas	media ofertas/ n.º empresas
Pequena	33.287	1,15
Mediana	1.270	4,52
Grande	326	7,98
TOTAL	34.883	1,34


Táboa 6.

Nesta táboa vemos que, aínda que o número de pequenas empresas é moito maior que o de medianas e grandes, nas ofertas medias resultantes por cada tipo de empresa as ratios máis elevadas aparecen na grande e mediana empresa.

5.4. Perfil básico das ofertas

Sexo/sectores económicos CCSGC:

O 28% das ofertas recollidas en Galicia no ano 2003 polos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación inclúen o requisito de solicitar un home ou unha muller, segundo o caso. A continuación mostramos graficamente o reparto das ofertas por sectores segundo o sexo requirido:



No sector primario e na construción solicítanse case exclusivamente homes. No sector secundario, aínda que o masculino siga sendo o colectivo predominante, as mulleres teñen xa unha certa presenza, que resulta maioritaria no sector servizos.


Realizando unha análise máis detallada de servizos e industria tendo en conta a variable sexo, observamos que:

No sector secundario as ofertas masculinas destacan polo seu número en “outras industrias” e en “metalurxia e fabricación de produtos metálicos”, mentres que o maior número de ofertas a mulleres aparecen en “têxtil e confección” e en “alimentación”.

Nos servizos requírense homes especialmente nas “actividades inmobiliarias e servizos empresariais” e en “comercio excepto automoción”, e mulleres na “hostalaría” e no “comercio excepto automoción”.

Nivel académico/sectores económicos OSPEG/CCSGC

Do total das ofertas OSPEG/CCSGC recollidas en Galicia só un 43% teñen como requisito a condición de presentar un determinado nivel académico ⁽⁶⁾:



Como podemos apreciar no diagrama de barras, o grupo para o que xurdiron máis ofertas é o dos que teñen estudos de ata certificado de escolaridade, seguidos dos titulados en ensinanza obrigatoria e en formación profesional.

⁽⁶⁾ Optamos por incluír no mesmo grupo de “ata certificado de escolaridade” os seguintes: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade.

A continuación analizamos a distribución sectorial das ofertas nos niveis académicos que rexistran o maior número de ofertas na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Dentro das ofertas de nivel máis baixo (ata certificado de escolaridade), destacan especialmente as prazas ofertadas en administracións públicas, en transporte e comunicacións e na construción.

- No que atinxe ás ofertas que requiren titulados en ensinanza obrigatoria cómpre sinalar que se concentran fundamentalmente en administracións públicas, en actividades inmobiliarias e servizos empresariais e na construción.

- Por último, as prazas ofertadas aos que realizan estudos de formación profesional englobanse fundamentalmente en administracións públicas, nas actividades inmobiliarias e servizos empresariais e na construción.

5.5. Análise ocupacional

Sinalamos a continuación as ocupacións máis representativas segundo o número de ofertas recollidas nos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación no 2003 e a súa evolución nos últimos cinco anos.

As ocupacións que rexistran maior número de ofertas no último ano son as seguintes: axente comercial/vendedor, albanel, camareiro-barman e peón de albanel/peón de obras públicas.

ocupación		1999	2000	2001	2002	2003
CC030603	AXENTE COMERCIAL / VENDEDOR	2.721	6.053	4.281	3.642	3.871
CO010302	ALBANEL	1.706	3.953	3.917	3.027	2.760
TH020302	CAMAREIRO-BARMAN	1.198	2.704	2.706	2.789	2.758
CO010304	PEÓN DE ALBANEL / PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS	966	2.068	1.960	1.902	2.042
SE060101	EMPREGADO/A DO FOGAR	243	358	464	607	1.200
CC040102	DEPENDENTE EN XERAL	439	1.216	1.344	1.160	1.071
CO010206	ENCOFRADOR	807	1.707	1.462	1.079	1.054
TH020201	COCIÑEIRO / GRELEIRO / PIZZEIRO / PRANCHISTA	260	922	719	797	960
SE090101	CONDUCTOR DE MERCADORÍAS/CONDUCTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	255	896	724	885	856
SE040101	PERRUQUEIRO/A	145	567	654	817	807
TH020203	AXUDANTE DE COCIÑA	274	823	706	740	747
A0090201	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	279	624	518	709	734
A0090101	ADMINISTRATIVO	216	486	334	572	659
SE050113	REPARTIDOR	306	880	620	599	585
MA010405	TRABALLADOR ESPACIOS NATURAIS	85	87	23	66	582
SE060102	MOZO-MULLER DE LIMPEZA	227	585	478	569	534
MM010303	CARPINTEIRO	191	683	447	459	510
CC080107	ALMACENISTA / MOZO DE ALMACÉN	211	879	496	433	436
MI010103	INST.-MONTADOR INSTALACIÓNS ELÉCT./ELECTRICISTA /AUX. ELECTRIC.	542	1.125	648	483	433
A0090206	TELEFONISTA / OPERADOR DE TELEMÁRketing	58	432	139	280	414
ID010501	SOLDADOR	508	795	785	566	407
TX020102	MAQUINISTA DE CONFECCIÓN (COSER, BORDAR, BOBINAR, GANDUXAR)	265	576	439	351	400
CO010502	FONTANEIRO	217	456	277	298	392
CO010403	PINTOR/COLORISTA	208	244	495	436	356
AG030202	TRAB. FORESTAL/PEÓN EXTINCIÓNS DE INCENDIOS	132	279	306	306	331
SE080103	AUX. DE AXUDA A DOMICILIO/COIDADOR DE ANCIÁNS	99	163	258	372	321
CC050202	AXENTE DE SEGUROS	297	296	335	272	290
TH020304	AXUDANTE DE BAR - CAFETERÍA	148	365	222	297	282
AG010702	XARDINEIRO/TRAB. DE CENTROS DE XARDINERÍA	199	197	188	253	265
DLO20201	DPDO. EN CIENCIAS EMPRESARIAIS / PERITO MERCANTIL	98	299	239	346	227

Táboa 7. Ocupacións máis ofertadas nos CCSGC

Polo que respecta ao resto das ocupacións, hai que salienta-la evolución de empregado/a do fogar, que experimenta un ascenso continuado durante todo o período, e de traballador forestal/peón extincións de incendios, que crece todos os anos excepto no 2002, ano en que se mantén.

Destacan tamén comeiro-barman, perruqueiro/a e auxiliar de axuda a domicilio/coidador de anciáns, que aumentan todos os anos agás o último.

Deseguido mostramos as ocupacións máis representativas segundo o número de ofertas recollidas nas oficinas do Servizo Público de Emprego no ano 2003, así como os datos correspondentes para esas ocupacións no ano 2002:

ocupación		2002	2003
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	4.874	6.300
71100016	Albanel	3.158	3.054
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.845	1.983
96020014	Peón da construción de edificios	1.569	1.874
50200018	Camareiro, en xeral	1.716	1.394
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.608	1.368
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.212	1.285
85420223	Estibador	1.884	1.158
52990063	Téc. de protección civil	988	953
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	594	802
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	484	705
93510013	Mozo de recolla de lixo	25	649
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domic.)	517	643
52300046	Traballador retén incendios forestais	533	562
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	724	549
50100017	Cociñeiro, en xeral	494	535
52910016	Bañista-socorrista	389	509
71300018	Carpinteiro, en xeral	406	481
86300016	Condutor de camión, en xeral	473	472
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	482	430
60220101	Xardineiro, en xeral	378	340
78010185	Trab. preparación peixe para conserva	733	339
97000075	Peón da ind. química	11	320
74230011	Canteiro de construción	304	315
72200014	Fontaneiro	301	292
92200016	Vixilante, en xeral	339	276
94400012	Peón forestal	253	274
30290066	Técnico en medio ambiente	58	260
71200017	Encofrador	507	256
91100018	Empregada de fogar	128	202

Táboa 8. Ocupacións máis ofertadas no OSPEG

As ocupacións que rexistran maior número de ofertas no ano 2003 son as de peón da industria manufactureira, en xeral; albanel; dependente de comercio, en xeral; e peón da construción de edificios.

6. CONTRATOS

6.1. 0 número de contratos no ámbito provincial

provincia	contratos 2003	%
A CORUÑA	310.890	43,48
LUGO	71.452	9,99
OURENSE	50.863	7,37
PONTEVEDRA	281.952	39,44
TOTAL GALICIA	714.881	100
TOTAL ESPAÑA	14.668.063	4,87

Táboa 1. Distribución do n.º de contratos no ámbito provincial. Ano 2003

No ano 2003 realizáronse 714.881 contratos en Galicia, o que representa o 4,87% do total da contratación no Estado.

O maior número de contratos correspóndese coa provincia da Coruña (43,48%), seguida a curta distancia pola de Pontevedra (39,44%); entre as dúas suman 82,92% do total da contratación na Comunidade Autónoma galega.

Evolución

provincias	n.º de contrato					variacións interanuais %				var. m.
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
A CORUÑA	268.269	281.550	280.779	292.423	310.890	4,95	-0,27	4,15	6,32	3,76
LUGO	71.735	73.307	70.677	69.208	71.452	2,19	-3,59	-2,08	3,24	-0,10
OURENSE	48.519	49.375	50.592	50.863	50.587	1,76	2,46	0,54	-0,54	1,05
PONTEVEDRA	268.994	284.775	269.975	277.433	281.952	5,87	-5,20	2,76	1,63	1,18
TOTAL GALICIA	657.517	689.007	672.023	689.927	714.881	4,79	-2,46	2,66	3,62	2,11
TOTAL GALICIA	13.235.327	13.828.919	14.056.484	14.179.248	14.668.063	4,48	1,65	0,87	3,45	2,60

Táboa 2. Evolución do n.º de contratos en Galicia. Variacións anuais 1999-2003

A provincia de Ourense presenta un lixeiro crecemento continuo ata o último ano analizado, no que reflite unha pequena variación interanual negativa (v.a. -0,54%). Convén destacar tamén a coincidencia de que tanto A Coruña como Pontevedra (as dúas provincias con maior peso relativo) só contan cun crecemento negativo no período 2000-2001, marcando a tendencia xeral do conxunto da Comunidade Autónoma.

No período 2002-2003 a única provincia que experimenta un decrecemento contractual é Ourense; as outras tres provincias teñen resultados positivos (incluída a provincia de Lugo, que mostra os peores resultados relativos).

A variación media anual en Galicia sitúase lixeiramente por detrás da acadada en España, debido á citada caída contractual rexistrada no 2001, aínda que cómpre salientar que nos outros tres períodos analizados o crecemento relativo da contratación galega supera, en maior ou menor medida, a calculada para o conxunto do territorio español. Só a provincia da Coruña supera o crecemento medio autonómico (v.m.a. 3,76%), mentres que Lugo é a única que perde presenza contractual no período con respecto ao ano 1999 (v.m.a. -0,10%).

6.2. Distribución da contratación segundo o sexo e a idade

Ano 2003

A distribución da contratación indica unha maior porcentaxe no caso dos homes (54,55%), fronte ao sexo feminino, que rexistra un 45,45% do total de contratos. O reparto estatal marca unha maior inclinación cara á contratación masculina, superando a de Galicia en case dous puntos porcentuais.

A superioridade da contratación a homes preséntase en todos os intervalos de idade.

grpos de idade	% contratos		
	total	homes	mulleres
menores de 25 anos	35,46	19,39	16,07
de 25 a 35 anos	34,57	17,70	16,87
de 36 a 45 anos	18,34	9,95	8,39
de 46 a 55 anos	9,11	5,70	3,41
maiores de 55 anos	2,53	1,81	0,71
TOTAL GALICIA	100,00	54,55	45,45
TOTAL ESPAÑA	100,00	56,23	43,77

Táboa 3. Distribución porcentual da contratación segundo o sexo e a idade. Ano 2003

Os colectivos cunha maior contratación nesta comarca son os homes menores de 25 anos (19,39%) e os de idade comprendida entre 26 a 35 anos (17,70%). Os menos contratados foron os maiores de 55 anos, tanto os homes (1,81%) como as mulleres (0,71%).

Antes de comenta-la seguinte táboa, cómpre indicar que na edición do 2002 e, en concreto, nas táboas que mostran as variacións interanuais tanto por sexo como por grupos de idade, pese a reproducirse correctamente os valores absolutos (reflectidos no punto 6.1) produciuse un erro de codificación que deu lugar a un cálculo incorrecto da variación interanual do período 2001/02 (v.a.-2,15%). Este resultado de signo negativo condicionou tódolos comentarios que se realizaron na análise da evolución da contratación, indicándose unha diminución nos dous últimos anos obxecto de estudio, cando os datos absolutos amosaban unha certa recuperación no 2002.

Evolución

sexo	variacións anuais				v. m. 99-03
	99-00	00-01	01-02	02-03	
HOMES	2,72	-5,88	2,02	0,01	-0,34
MULLERES	7,92	2,44	3,51	8,31	5,51
TOTAL	4,79	-2,47	2,66	3,62	2,11

Táboa 4. Variacións anuais dos contratos segundo o sexo. Anos 1999-2003

A evolución do número de contratos segundo o sexo no período 1999/2003 reflite un crecemento das contratacións femininas durante todo o período, mentres que as masculinas experimentan un importante retroceso no período 2000-2001 (v.a. -5,88%).

As variacións interanuais indican cómo as mulleres veñen crescendo a un ritmo maior durante todo o período analizado.

Se comparámo-la evolución da distribución masculina e feminina no gráfico, observamos o predominio da contratación masculina sobre a feminina durante todos os anos, aínda que esta supremacía vai diminuíndo ao longo do período analizado.

Evolución da distribución da contratación segundo o sexo. 1999-2003



A redución de cinco puntos porcentuais no peso relativo do colectivo masculino explicaría a equiparación descrita nos últimos anos. Este acercamento intensifícase nos anos 2001 e 2003; no primeiro, polo descenso contractual dos homes (v.a. -5,88%), e no segundo, polo importante crecemento relativo indicado para as mulleres (v.a. 8,31%). Este maior crecemento relativo das mulleres tradúcese nun crecemento medio positivo neste período (v.m.a. 5,51%), fronte a unha lixeira perda de volume contractual dos homes con respecto ao 1999 (v.m.a. -0,34%).

A evolución do número de contratos segundo a idade entre 1999 e 2003 presenta unha traxectoria irregular, máis ou menos acusada, nos distintos intervalos.

grupos de idade	variación anual %				v. m. anual % 99-03
	99-00	00-01	01-02	02-03	
menores de 25 anos	6,57	-3,50	-1,42	9,45	2,63
de 26 a 35 anos	4,25	-0,76	3,57	-1,24	1,43
de 36 a 45 anos	4,36	-3,12	4,91	2,05	2,00
de 46 a 55 anos	1,42	-4,44	8,04	6,80	2,83
maiores de 55 anos	2,65	-0,26	12,33	-3,24	2,71
TOTAL	4,79	-2,46	2,66	3,62	2,11

Táboa 5. Variacións anuais dos contratos segundo a idade. 1999-2003

Mentres que nos dous primeiros períodos analizados alterna un período de crecemento contractual xeneralizado (1999-2000) con outro de caída contractual para todos os grupos de idade (2000-2001), nos dous últimos son os grupos intermedios, de 36 a 45 anos e os de 46 a 55 anos, os que refliten unha evolución positiva. é necesario subliñar que a maior variación interanual no último ano analizado aparece no grupo de menos idade (v.a. 9,45%).

Atendendo aos crecementos medios, podemos destacar que todos os grupos de idade mostran unha subida contractual xeneralizada con respecto ao 1999.

6.3. A contratación segundo os sectores económicos

Ano 2003


O sector servizos aparece claramente destacado (71,76%), seguido a gran distancia pola construción (12,90%) e o secundario (12,69%), cunhas porcentaxes moi próximas.

sectores/subsectores económicos	contratos 2003	
	n.º	%
SECTOR PRIMARIO	18.931	2,65
AGRICULTURA E PESCA	18.931	2,65
SECTOR SECUNDARIO	90.750	12,69
INDUSTRIA	89.984	12,59
ELECTRICIDADE	766	0,11
SECTOR CONSTRUCCIÓN	92.196	12,90
CONSTRUCCIÓN	92.196	12,90
SECTOR SERVICIOS	513.004	71,76
COMERCIO E HOSTALARÍA	140.665	19,68
TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS	65.069	9,10
OUTROS SERVICIOS	307.270	42,98
TOTAL CONTRATOS	714.881	100,00


Táboa 6. Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos

Estes sectores aparecen distribuídos na táboa anterior nun total de sete subsectores, entre os que sobresaen claramente "outros servizos"⁽⁷⁾ (42,98%), seguido de comercio e hostalaría (19,68%).

Debido á diversidade de actividades comprendidas na industria e servizos, imos afondar na súa análise a través dos seguintes gráficos:



Cómpre salientalo peso relativo dos subsectores de alimentación (23%), téxtil e confección (21%) e outras industrias (19%).



⁽⁷⁾ No subsector denominado "outros servizos" encóntranse representadas as seguintes actividades económicas: intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, educación e actividades sanitarias, administración pública, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico, etc.

O sector servizos ten unha presenza fundamental no conxunto da Comunidade (71,76%), sobresaíndo claramente as actividades inmobiliarias e servizos empresariais (29%), seguidas a certa distancia polo comercio (16%) e transporte e comunicacións (13%).

Afondando máis no reparto dos contratos segundo os sectores económicos, analizaremos a distribución destes por sexo e idade. Atenderemos unicamente ao peso relativo que presenta cada grupo partindo das porcentaxes reflectidas na táboa anterior.

sectores/subsectores económicos	sexo		idade				
	homes	mulleres	<=25 e -	26 a 35	36 a 45	46 a 55	< 55
SECTOR PRIMARIO	2,20	0,45	0,51	0,75	0,76	0,51	0,12
AGRICULTURA E PESCA	2,20	0,45	0,51	0,75	0,76	0,51	0,12
SECTOR SECUNDARIO	6,79	5,90	4,24	4,39	2,45	1,26	0,36
INDUSTRIA	6,72	5,87	4,20	4,36	2,44	1,24	0,35
ELECTRICIDADE	0,07	0,03	0,03	0,03	0,02	0,02	0,01
SECTOR CONSTRUCCIÓN	12,07	0,83	4,01	3,84	2,71	1,78	0,57
CONSTRUCCIÓN	12,07	0,83	4,01	3,84	2,71	1,78	0,57
SECTOR SERVIZOS	33,50	38,26	26,71	25,58	12,43	5,56	1,49
COMERCIO E HOSTALARÍA	7,27	12,41	9,44	6,24	2,59	1,09	0,32
TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS	7,52	1,58	2,58	2,71	2,23	1,21	0,38
OUTROS SERVIZOS	18,71	24,27	14,69	16,63	7,61	3,26	0,79
TOTAL CONTRATOS	54,55	45,45	35,46	34,57	18,34	9,11	2,53

Táboa 7. Distribución da contratación segundo os sectores económicos, o sexo e a idade. Ano 2003 (%)

O sector primario, secundario e a construción contan cunha prevalencia de contratos para homes, mentres que servizos, pola súa parte, é o único no que as mulleres destacan, superando aos homes en case cinco puntos porcentuais. Este predominio feminino aparece recollido tanto no comercio e hostalaría como en “outros servizos”, mentres que o subsector de transportes e comunicacións conta cunha maior contratación masculina.

Por grupos de idade, os maiores pesos relativos atópanse nos colectivos máis novos: menores de 25 (35,46%) e os de 26 a 35 anos (34,57%), aínda que a concentración de contratos aparece máis ou menos nesgada segundo o subsector económico que se analiza: o grupo de menores de 25 anos destaca na construción e no sector servizos (concretamente en comercio e hostalaría); o grupo de 26 a 35 anos, no secundario e nos subsectores de

transportes e comunicacións e outros servizos; por último, o intervalo de 36 a 45 anos aparece lixeiramente destacado no sector primario.

Evolución

Tendo en conta os cinco anos da análise, estudiaremos a evolución dos sectores e subsectores económicos:

sectores/subsectores económicos	variación anual %				v. m.
	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	-13,72	-44,48	73,60	1,96	-4,04
AGRICULTURA E PESCA	-13,72	-44,48	73,60	1,96	-4,04
SECTOR SECUNDARIO	8,65	-8,20	-5,49	-10,64	-4,20
INDUSTRIA	8,69	-8,32	-5,56	-10,74	-4,26
ELECTRICIDADE	1,63	14,74	4,47	2,41	5,69
SECTOR CONSTRUCCIÓN	-0,37	5,13	-1,47	5,02	2,03
CONSTRUCCIÓN	-0,37	5,13	-1,47	5,02	2,03
SECTOR SERVICIOS	5,77	-0,68	2,93	7,23	3,77
COMERCIO E HOSTALARÍA	10,12	3,68	4,76	3,20	5,41
TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS	11,89	-17,23	17,95	3,49	3,11
OUTROS SERVICIOS	2,65	1,19	-0,76	10,05	3,20
TOTAL CONTRATOS	4,79	-2,46	2,66	3,62	2,11

Táboa 8. Evolución da contratación segundo os sectores e subsectores económicos. Variacións anuais 1999-2003

Mentres que no período 2002-2003 o único sector que mostra unha diminución do seu número de contratos é o secundario, a evolución seguida nos anos anteriores é moi distinta segundo o caso.

O sector servizos só presenta unha lixeira caída contractual no período 2000-2001 (v.a. -0,68%), o que non lle impide acadar o maior crecemento medio sectorial (v.m.a. 3,77%). Cómpre salientar que o subsector de comercio e hostalaría amosa un crecemento contractual positivo durante todos os anos analizados.


A construción aparece cunha traxectoria irregular, alternando períodos de crecemento con outros de lixeiro decrecemento; os primeiros compensan aos segundos, polo que consegue mellorar a súa situación con respecto ao 1999 (v.m.a. 2,03%).

O sector primario comeza diminuindo notablemente o seu volume contractual, para iniciar un período 2001-2003 de franca melloría, destacando especialmente o espectacular crecemento interanual acadado no 2001-2002 (v.a. 73,60%).

Por último, o secundario presenta un crecemento medio negativo (v.m.a. -4,20%), xa que mostra un decrecemento contractual continuado nos últimos tres períodos analizados.

6.4. Tipoloxía da contratación laboral

No seguinte gráfico pódese ver a distribución da contratación na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2003:



O 68% dos contratos que se rexistran na Comunidade Autónoma galega son temporais e o 20% temporais a tempo parcial.

Atendendo á distribución porcentual da tipoloxía contractual por sexo e grupo de idade, atopamos a seguinte situación:

tipoloxía de contratos	sexo		idade				
	homes	mulleres	<=25 e -	26 a 35	36 a 45	46 a 55	< 55
INDEFINIDOS	2,16	1,44	0,66	1,34	0,80	0,60	0,19
INDEFINIDOS TEMPO PARCIAL	0,24	0,56	0,25	0,29	0,14	0,09	0,03
TEMPORAIS	41,63	26,75	22,24	24,20	13,52	6,65	1,77
TEMPORAIS TEMPO PARCIAL	6,66	13,16	9,14	6,61	2,66	1,07	0,35
PRÁCTICAS/FORMACIÓN	1,80	1,25	2,47	0,38	0,11	0,07	0,03
OUTROS ^(B)	2,05	2,29	0,70	1,75	1,11	0,63	0,15
TOTAL CONTRATOS	54,55	45,45	35,46	34,57	18,34	9,11	2,53

Táboa 9. Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, sexo e idade. Ano 2003

Tanto nos homes como nas mulleres os dous contratos máis realizados son os temporais e os temporais a tempo parcial, por esta orde (se ben a temporalidade a tempo parcial presenta un maior peso relativo no colectivo feminino).

Para os tres grupos de idade intermedios (26 a 55 anos) o contrato máis realizado é o temporal, seguido polo temporal a tempo parcial e polo grupo de "outros" en terceiro lugar. Cómpre salientar que, para os máis novos, o terceiro contrato máis realizado é o de prácticas/formación, mentres que para os de máis de 55 anos o terceiro lugar pertence á contratación indefinida.

tipoloxía de contratos	s. primar.	s. secundario			s. const.	s. servizos			
	agric. e pesca	indust..	electric	total	const.	comerc.	transp.	servizos	total
INDEFINIDOS	0,52	0,56	0,01	0,57	0,36	1,05	0,25	0,84	2,14
INDEFINIDOS TEMPO PARCIAL	0,01	0,06	0,00	0,06	0,02	0,39	0,05	0,28	0,71
TEMPORAIS	2,00	10,36	0,08	10,44	11,40	10,16	8,33	26,04	44,54
TEMPORAIS TEMPO PARCIAL	0,08	1,11	0,01	1,12	0,44	7,07	0,44	10,67	18,18
PRÁCTICAS/FORMACIÓN	0,02	0,46	0,00	0,46	0,65	0,97	0,02	0,93	1,92
OUTROS ^(B)	0,01	0,03	0,00	0,03	0,03	0,03	0,00	4,23	4,27
T. CONTRATOS	2,65	12,59	0,11	12,69	12,90	19,68	9,10	42,98	71,76

Táboa 10. Distribución da contratación segundo o tipo de contratos e os sectores económicos. Ano 2003 (%).

^(B) Os tipos de contratos que se inclúen en outros son: xubilación especial ós 64 anos, minusválidos centros especiais, colectivos de exclusión social e outros non especificados.

A distribución da tipoloxía de contratación por sectores económicos presenta un claro predominio da contratación temporal en todos os sectores/subsectores económicos.

A maior porcentaxe de contratación indefinida aparece no subsector de comercio e hostalaría.

Evolución

tipoloxía de contratos	variacións interanuais %				v. m. 99-03
	99-00	00-01	01-02	02-03	
INDEFINIDOS	-9,65	12,14	-11,01	-42,82	-15,27
INDEFINIDOS TEMPO PARCIAL	13,42	-11,30	88,19	-48,76	-0,75
TEMPORAIS	5,73	-5,87	2,14	8,36	2,45
TEMPORAIS TEMPO PARCIAL	5,65	5,77	8,40	11,30	7,76
PRÁCTICAS/FORMACIÓN	-2,13	-5,90	2,18	3,76	-0,59
OUTROS	15,10	2,08	-4,29	-9,37	0,47
TOTAL CONTRATOS	4,79	-2,47	2,67	3,62	2,11

Táboa 11. Evolución do n.º de contratos segundo a súa tipoloxía. Variacións interanuais 99/03

Os contratos indefinidos, os indefinidos a tempo parcial e o grupo de "outros" pechan o ano 2003 cun decrecemento na súa contratación, mentres que o crecemento relativo máis importante reflítese na contratación temporal a tempo parcial (v.a. 11,30%). Se analizamos o crecemento medio do conxunto do período, atopamos que os contratos temporais, o grupo de "outros" e, sobre todo, os temporais a tempo parcial (v.m.a. 7,76%) aumentan a súa presenza contractual con respecto ao ano 1999.

6.5. Os grandes grupos de ocupacións na contratación

grandes grupos de ocupación	total contratos		variación media anual 99-03
	N.º	%	%
1. DIRECCIÓN DE EMPRESAS E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	1.603	0,22	2,72
HOMES	1.034	0,14	-0,69
MULLERES	569	0,08	10,84
2. TÉCNICOS, PROFESIONAIS, CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	69.281	9,69	6,25
HOMES	29.977	4,19	3,88
MULLERES	39.304	5,50	8,26
3. TÉCNICOS E PROFESIONAIS DE APOIO	49.144	6,87	4,02
HOMES	28.542	3,99	0,47
MULLERES	20.602	2,88	10,21
4. EMPREGADOS DE TIPO ADMINISTRATIVO	61.516	8,61	3,38
HOMES	16.341	2,29	0,86
MULLERES	45.175	6,32	4,37
5. TRABALLADORES DE SERVICIOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES COMERCIO	141.352	19,77	5,47
HOMES	35.903	5,02	0,80
MULLERES	105.449	14,75	7,33
6. TRABALLADORES CUALIFICADOS EN AGRICULTURA E PESCA	11.156	1,56	-1,93
HOMES	9.056	1,27	-3,53
MULLERES	2.100	0,29	7,02
7. ARTESÁNS, TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS, CONSTRUCCIÓN E MINARÍA	106.721	14,93	-2,38
HOMES	87.289	12,21	-1,89
MULLERES	19.432	2,72	-4,43
8. OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	75.420	10,55	0,10
HOMES	55.955	7,83	0,52
MULLERES	19.465	2,72	-1,04
9. TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	198.688	27,79	1,09
HOMES	125.871	17,61	-1,12
MULLERES	72.817	10,19	5,58
TOTAL CONTRATOS	714.881	100,00	1,99
TOTAL HOMES	389.968	54,55	-0,42
TOTAL MULLERES	324.913	45,45	5,30

Segundo estes datos, a distribución da contratación na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta os nove grandes grupos de ocupación, caracterizouse no ano 2003 polos seguintes aspectos:

En primeiro lugar, a gran maioría das contratacións (73,04%) realizáronse en catro grandes grupos:

Grupos de ocupación cunha maior contratación

- □ Traballadores non cualificados (27,79%).
- □ Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (19,77%).
- □ Artesáns, traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción ou minaría (14,93%).
- □ Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (10,55%).

En segundo lugar, os grupos que destacan na contratación masculina, aínda que coinciden coas mulleres nalgúns casos, gardan distinta orde de importancia relativa dentro de cada colectivo:

Grupos cunha maior contratación masculina:

- □ Traballadores non cualificados (17,61%).
- □ Artesáns, traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría (12,21%).
- □ Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (7,83%).
- □ Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (5,02%).

Grupos cunha maior contratación feminina:

- □ Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (14,75%).

- Traballadores non cualificados (10,19%).
- Empregados de tipo administrativo (6,32%).
- Técnicos, profesionais, científicos e intelectuais (5,50%).

En terceiro lugar, practicamente en todos os grupos de ocupación os contratos a mulleres son menores cós dos homes, agás en tres:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, no que ás mulleres lles corresponde un 14,75% da contratación, fronte ao 5,02% que rexistra a contratación de homes.
- Empregados de tipo administrativo: correspóndelles ás mulleres un 6,32% da contratación, fronte ao 2,29% dos homes.
- Técnicos, profesionais, científicos e intelectuais, grupo no que a porcentaxe de contratación de mulleres (5,50%) supera á dos homes (4,19%) en algo máis dun punto porcentual.

Evolución

Segundo os valores das variacións medias anuais reflectidas na táboa anterior, durante o período comprendido entre 1999/2003, aparecen cun crecemento medio negativo un total de cinco grupos de ocupación:

- Dirección de empresas e administracións públicas, no que os homes presentan un lixeiro crecemento medio negativo (v.m.a. -0,69%).
- Traballadores cualificados en agricultura e pesca: a contratación total (v.m.a. -1,93%) e a masculina (v.m.a. - 3,53%) amosan un crecemento medio negativo.
- Artesáns, traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, grupo no que a contratación total (v.m.a. -2,38%), a masculina (-1,89%) e a feminina (-4,43%) teñen un crecemento medio negativo.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, no que destaca unha variación media anual negativa para as mulleres (v.m.a. -1,04%).

- □ Traballadores non cualificados: a contratación masculina perde presenza contractual con respecto ao 1999 (v.m.a. -1,12%).

Os grupos que experimentan un maior crecemento medio anual tanto na contratación total como na masculina e feminina son os seguintes:

Grupos de ocupación cun maior crecemento medio na contratación total 1999-2003

- □ Técnicos, profesionais, científicos e intelectuais (v.m.a. 6,25%).
- □ Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (v.m.a. 5,47%).
- □ Técnicos e profesionais de apoio (v.m.a. 4,02%).
- □ Empregados de tipo administrativo (v.m.a. 3,38%).

Grupos de ocupación cun maior crecemento medio na contratación masculina:

- □ Técnicos, profesionais, científicos e intelectuais (v.m.a. 3,88%).
- □ Empregados de tipo administrativo (v.m.a. 0,86%).
- □ Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección, e vendedores de comercio (v.m.a. 0,80%).
- □ Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (v.m.a. 0,52%).

Grupos de ocupación cun maior crecemento medio na contratación feminina:

- □ Dirección de empresas e administracións públicas (v.m.a. 10,84%).
- □ Técnicos e profesionais de apoio (v.m.a. 10,21%).
- □ Técnicos, profesionais, científicos e intelectuais (v.m.a. 8,26%).
- □ Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores (v.m.a. 7,33%).

6.6. As ocupacións máis contratadas

Ano 2003

Na seguinte táboa aparecen, por orde decrecente, as 30 ocupacións máis contratadas na Comunidade Autónoma no ano 2003, xunto co número de contratos realizados a homes e mulleres en cada ocupación, así como o ratio de masculinidade en cada unha delas.

ocupacións	total		homes		mulleres		ratio masculino
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	
PEÓN DA IND. MANUFACTUREIRA, EN XERAL	71.430	9,99	53.649	7,50	17.781	2,49	75,11
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	45.582	6,38	7.465	1,04	38.117	5,33	16,38
CAMAREIRO, EN XERAL	34.396	4,81	14.379	2,01	20.017	2,80	41,80
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	32.331	4,52	9.377	1,31	22.954	3,21	29,00
ALBANEL	29.428	4,12	28.796	4,03	632	0,09	97,85
MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL	26.622	3,72	4.256	0,60	22.366	3,13	15,99
MOZO CARGA/DESCARGA, ALMACÉN	24.816	3,47	20.874	2,92	3.942	0,55	84,12
ESTIBADOR	21.424	3,00	20.255	2,83	1.169	0,16	94,54
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	15.409	2,16	14.865	2,08	544	0,08	96,47
CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	12.818	1,79	12.532	1,75	286	0,04	97,77
ENFERMEIRO, EN XERAL	10.620	1,49	1.162	0,16	9.458	1,32	10,94
MÚSICO INSTRUMENTISTA, EN XERAL	9.964	1,39	8.765	1,23	1.199	0,17	87,97
COCIÑEIRO, EN XERAL	9.137	1,28	2.139	0,30	6.998	0,98	23,41
PEÓN DA IND. ALIMENT., BEBIDAS E TABACO	8.779	1,23	3.393	0,47	5.386	0,75	38,65
MÉDICO, MEDICINA XERAL	7.599	1,06	3.207	0,45	4.392	0,61	42,20
OPER. MÁG. IND. COSER Á PLANA, EX. PEL: CALZADO	7.452	1,04	204	0,03	7.248	1,01	2,74
DEMOSTRADOR DE PROD. EN COMERCIOS	6.846	0,96	884	0,12	5.962	0,83	12,91
TRAB. PREPARACIÓN PEIXE PARA CONSERVA	6.720	0,94	540	0,08	6.180	0,86	8,04
CLASIFICADOR-REPARTIDOR CORRESPONDENCIA	6.003	0,84	1.914	0,27	4.089	0,57	31,88
AZAFATA DE INFORMACIÓN	5.630	0,79	332	0,05	5.298	0,74	5,90
PEÓN DA IND. METAL. E FÁB. PROD. METÁL.	5.499	0,77	4.415	0,62	1.084	0,15	80,29
VENDEDOR TÉCNICO, EN XERAL	5.370	0,75	2.658	0,37	2.712	0,38	49,50
MARIÑEIRO DE PESCA	5.370	0,75	5.300	0,74	70	0,01	98,70
AUXILIAR DE CLÍNICA	5.358	0,75	380	0,05	4.978	0,70	7,09
CARPINTEIRO, EN XERAL	5.298	0,74	4.863	0,68	435	0,06	91,79
ENFERMEIRO DE ATENCIÓN PRIMARIA	5.020	0,70	470	0,07	4.550	0,64	9,36
VENDEDOR POR TELÉFONO	5.016	0,70	886	0,12	4.130	0,58	17,66
CONDUTOR DE FURGONETA DE ATA 3,5 T	4.790	0,67	4.200	0,59	590	0,08	87,68
REPOÑEDOR DE HIPERMERCADO	4.768	0,67	2.281	0,32	2.487	0,35	47,84
AUXILIAR ENFERMARÍA HOSP., EN XERAL	4.634	0,65	126	0,02	4.508	0,63	2,72
TOTAL CONTRATOS	444.129	62,13	234.567	32,81	209.562	29,31	52,82

Táboa 13. As 30 ocupacións máis contratadas en Galicia. Ano 2003

Nestas 30 ocupacións o volume de contratación galega no ano 2003 representa un 62,13% dos contratos, o que indica unha concentración das contratacións en poucas ocupacións.

Esta concentración é lixeiramente superior na contratación masculina 32,81% ca na feminina 29,31%.

Na maioría destas 30 ocupacións, o xénero é un criterio determinante á hora de contratar, dado que existen 11 ocupacións cunha contratación claramente masculina (aquelas que teñen un ratio de masculinidade superior ao 75%) e 15 cunha clara contratación feminina (ratio de masculinidade inferior ao 40%). Unicamente en catro das ocupacións se produce unha contratación case igualitaria entre homes e mulleres: camareiro, en xeral; médico, medicina xeral; e, sobre todo, en vendedor técnico e repoñedor de hipermercado.

Evolución

A evolución da contratación destas trinta ocupacións entre 1999 e 2003 reflíctese na seguinte táboa ^[9]:

^[9] Nesta táboa aparecen reflectidas tódalas ocupacións que entre os anos 1999-2003 foron as 30 máis contratadas; salientase o nome das trinta máis contratadas no ano 2003 e os valores correspondentes ás tinta máis contratadas en cada ano.

ocupacións máis contratados 1999-2003	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	63583	70565	69441	69462	71430
Dependente de comercio, en xeral	32327	38834	41003	42175	45582
Camareiro, en xeral.	28549	28912	29244	31612	34396
Empregado administrativo, en xeral.	30917	33947	35408	35586	32331
Albanel	32218	29965	30371	28898	29428
Peón forestal	5046	4011	3319	2804	2854
Técnico de dobraxe	5831	2490	1795	3020	3968
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	24759	25497	24920	25343	26622
Mozo carga/descarga, almacén	23647	26895	27630	22981	24816
Estibador	18421	19030	28525	19642	21424
Peón da construción de edificios	18890	17797	18537	15902	15409
Cocedor de peixes e mariscos	3110	4973	4635	5590	4504
Conductor de camiión, en xeral	12264	11862	13826	13194	12818
Mozo carga/descarga, transp. Marítimo	4297	4449	5689	3709	3157
Caixeiro de comercio	5419	4182	4689	4947	4354
Enfermeiro, en xeral	8542	9116	8645	9652	10620
Músico instrumentista, en xeral	9475	9675	10213	9970	9964
Instalador electricista, en xeral	3464	4263	5060	4313	3572
Cociñeiro, en xeral	8645	8554	9241	9253	9137
Oper. cadea automatizada montaxe, en xeral	5492	11370	7272	5847	4615
Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	7336	8425	9328	7342	8779
Médico, medicina xeral	6993	7434	7911	6460	7599
Oper. máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	11595	12802	12918	8395	7452
Demostrador de prod. en comercios	6354	6668	7321	7544	6846
Trab. preparación peixe para conserva	7674	8247	6520	7693	6720
Clasificador-repartidor correspondencia	4423	4121	3509	4483	6003
Azafata de información	1691	1811	2844	3246	5630
Peón da ind. metál. e fáb. prod. metál.	8600	9856	8480	8799	5499
Vendedor Técnico, en xeral.	4410	4638	5088	5334	5370
Mariñeiro de pesca	5914	5710	5682	5549	5370
Auxiliar de clínica	5651	4076	4260	5049	5358
Carpinteiro, en xeral.	5251	5451	5429	5261	5298
Enfermeiro de atención primaria	2550	3683	4106	3956	5020
Limpador-preparador peixe para conserva	8119	3383	1770	1030	1834
Encofrador	4453	4305	4428	4534	4388
Vendedor por teléfono	567	3153	3853	4201	5016
Conductor de furgoneta ata 3,5 t.	4839	5402	5343	5888	4790
Repoñedor de hipermercado	4063	4651	4754	4583	4768
Auxiliar enfermería hosp., en xeral	4052	4343	2662	3342	4634

Táboa 14. Evolución das trinta ocupacións máis contratadas entre 1999-2003

Nestes datos pódese observar que a maioría das trinta ocupacións máis contratadas no ano 2003 estiveron case tódolos anos entre as máis contratadas no período 1999-2003.

Isto indica o pouco que varían as ocupacións máis contratadas en Galicia nos últimos cinco anos.

No que respecta á evolución do número de contratos, atopamos un crecemento anual descontinuo na maioría das ocupacións.

Cómpre destacar non obstante que en cinco ocupacións destacadas no 2003 o volume contractual crece tódolos anos:

- Dependente de comercio
- Camareiro, en xeral
- Azafata de información
- Vendedor técnico
- Vendedor por teléfono

